

*IES DE BRIÓN*

# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

*2º DE ESO*

*EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA*

*4º DE ESO*

*EDUCACIÓN ÉTICO-CÍVICA*

*1º DE BACHARELATO*

*FILOSOFÍA E CIDADANÍA*

*2º DE BACHARELATO*

*HISTORIA DA FILOSOFÍA*

*DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA*

12 de setembro de 2014



## Índice de contido

1	COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO E DISTRIBUCIÓN DE MATERIAS DO SEMINARIO.....	4
2	INTRODUCCIÓN.....	5
3	OBXECTIVOS METODOLÓXICOS.....	6
4	EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA DE 2º DE ESO.....	7
4.1	INTRODUCCIÓN.....	7
4.2	OBXECTIVOS XERAIS.....	7
4.3	COMPETENCIAS.....	8
4.4	CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZADOS.....	10
4.5	PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	22
4.6	CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	22
4.7	CONTIDOS MÍNIMOS.....	22
4.8	SISTEMA DE PUNTUACIÓN.....	23
4.9	CONTRIBUCIÓN O PLAN LECTOR.....	23
5	EDUCACIÓN ÉTICO CÍVICA DE CUARTO DE ESO.....	24
6	INTRODUCCIÓN.....	24
6.1	OBXECTIVOS XERAIS.....	24
6.2	COMPETENCIAS.....	25
6.3	CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZADOS.....	27
6.4	PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	36
6.5	CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	36
6.6	CONTIDOS MÍNIMOS.....	37
6.7	SISTEMA DE PUNTUACIÓN.....	37
6.8	CONTRIBUCIÓN O PLAN LECTOR.....	37
7	FILOSOFÍA E CIDADANÍA.....	38
7.1	OBXECTIVOS XERAIS.....	39
7.2	CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZADOS.....	40
7.3	CONTIDOS MÍNIMOS.....	70
7.4	CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	71
7.5	PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	71
7.6	CONTRIBUCIÓN O PLAN LECTOR.....	71
7.7	SISTEMA DE PUNTUACIÓN.....	72
8	HISTORIA DA FILOSOFÍA.....	73
8.1	INTENCIONS.....	73
8.2	METODOLOXIA.....	73
8.3	OBXECTIVOS.....	74
8.4	CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	75
8.5	PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.....	76
8.6	CONTIDOS.....	77
8.7	CONTIDOS MÍNIMOS.....	80
8.8	DISTRIBUCIÓN TEMPORAL:.....	81
8.9	BIBLIOGRAFÍA.....	82
8.10	SISTEMA DE PUNTUACIÓN:.....	82
8.11	ESTRUTURA DA PROBA DA SELECTIVIDADE E DO EXAME FINAL.....	84
9	SISTEMA EXTRAORDINARIO DE AVALIACIÓN.....	85
10	AVALIACIÓN DE PENDENTES.....	85
11	ALUMNADO REPETIDOR.....	85
12	PROXECTO LECTOR.....	85
13	PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN.....	85

<u>14 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....</u>	<u>85</u>
<u>15 PROGRAMA DE ACTIVIDADES.....</u>	<u>88</u>
<u>15.1 CINE NA AULA.....</u>	<u>88</u>
<u>15.2 CONMEMORACIÓNS.....</u>	<u>88</u>
<u>15.3 TRABALLO DE INVESTIGACIÓN: ÉTICA DA MEMORIA.....</u>	<u>88</u>
<u>15.4 EL PAÍS DE LOS ESTUDIANTES.....</u>	<u>89</u>
<u>15.5 PLAN PROXECTA.....</u>	<u>89</u>
<u>15.6 SAÍDAS FORA DO CENTRO.....</u>	<u>89</u>

# 1 COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO E DISTRIBUCIÓN DE MATERIAS DO SEMINARIO.

Ó Seminario de Filosofía do IES de Brión compétenlle as materias seguintes:

1. Obrigatorias:

- 1.1. Educación para a cidadanía (2º de ESO, 2 horas semanais)
- 1.2. Educación ético-cívica. (4º da ESO, 1 hora semanal).
- 1.3. Filosofía e cidadanía (1º de Bacharelato., 2 horas semanais).
- 1.4. Historia da Filosofía. (2º de Bacharelato., 3 horas semanais).

2. Optativas:

- 2.1. Ética e Filosofía do Dereito. (1º de Bacharelato, 4 horas semanais)
- 2.2. Antropoloxía (1º de Bacharelato, 4 horas semanais)
- 2.3. Introducción ás C.C. políticas e Socioloxía. (2º de Bacharelato., 4 horas semanais).
- 2.4. Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía. (2º de Bacharelato., 4 horas semanais).

Neste curso académico estará integrado polos seguintes membros que impartirán as seguintes materias:

<b>PROFESOR</b>	<b>MATERIAS PROPIAS</b>	<b>NIVEL</b>	<b>GR.</b>	<b>H.</b>
<b>Soliño Díez, Santiago José</b>	<i>Educación para a cidadanía</i>	2º ESO	A-B-C	6
	<i>Educación ético-cívica</i>	4º ESO	A-B	2
	<i>Filosofía I</i>	1º BAC	A	2
	<i>Historia da filosofía</i>	2º BAC	A	3
	<b>MATERIAS AFÍNS</b>	<b>NIVEL</b>	<b>GR</b>	<b>H</b>
	<i>Debida atención educativa</i>	1º DIV	A	1
		1º BAC	A	1
		2º BAC	A	1
	<i>Titoría</i>	4º ESO	A	1
<b>TOTAL DE HORAS IMPARTIDAS</b>				<b>17</b>

## INTRODUCCIÓN.

## 2 INTRODUCCIÓN.

No presente curso 2011-12 o Departamento de Filosofía ten baixo a súa responsabilidade as seguintes materias: *Educación para a cidadanía* en 2º de ESO, *Educación ético-cívica* en 4º de ESO, *Filosofía e cidadanía* en 1º de bacharelato e *Historia da Filosofía* en 2º de Bacharelato.

En materia de intencións, preténdese que este proxecto poda servir como un marco adecuado para perseguir os obxectivos que postula a LOE, entre os que destacamos:

- a) A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- b) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- c) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- d) A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- e) A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade

O proxecto pretende responder ás esixencias da normativa referente as actividades docentes do curso mencionado, coa concreción dos obxectivos que se pretenden acadar, a metodoloxía que se vai empregar, a distribución temporal da materia que se impartirá, os sistemas de avaliación e recuperación que se van seguir; os contidos mínimos esixibles para a proba de suficiencia e exames de setembro, así como criterios de cualificación das mesmas.

O Departamento amósase aberto á coordinación con outros programas, especialmente no eido das actividades complementarias e extraescolares.

Ante estes retos apuntamos dous problemas:

- Primeiro, o feito de que para que este aprendizaxe sexa realmente significativo, non basta estar ben informado, xa que ter acceso a moita información non implica desenvolver a razón, como está a suceder hoxe en día cas novas formas de comunicación. A información só é útil para quen ten unha razón desenvolvida; por iso é importante diferenciar o coñecemento como tal da información que recibemos continuamente, dado que o coñecemento debe ser unha reflexión sobre a información, capacidade de discernimento e de discriminación respecto á información que se ten; e esa capacidade ten que aprenderse. A educación, pois, non pode ser simplemente transmisión de información, é preciso transmitir pautas de comportamento que permitan utilizar e aproveitar ó máximo a información que se posúe; este debería ser un dos puntos fortes metodoloxía que a educación en xeral e a nosa materia en particular debe ter en conta na sociedade actual.
- Segundo, que o ensino dos contidos dos programas das materias de filosofía non converte a cada un nun ser crítico sen máis. Por outro lado, a capacidade crítica de análise, o sentido de razoamento lóxico, non é exclusiva da filosofía se non que debe formar parte de todas as áreas do saber. Por iso, é importante definir o papel da filosofía nuns programas de estudo dunha sociedade na que o coñecemento obxectivo o proporciona a ciencia, de aí que

abordemos a filosofía como un modo de formularse preguntas, aprendendo como os seres humanos se formularon racionalmente esas cuestións ao longo da historia e vendo como os problemas e as respostas ós mesmos seguen a estar vixentes, en moitos casos, hoxe en día. Para elo é preciso aprender a pensar argumentando, mostrando as formas do noso razoamento (que é social), para que os nosos xoves poidan comprender as bases racionais da convivencia e o coñecemento racional. A filosofía, como se dixo moitas veces, non consiste en comprender os sistemas dos filósofos, se non que os sistemas dos filósofos sirvan para comprender e transformar o mundo.

### 3 OBXECTIVOS METODOLÓXICOS.

Entendemos que o obxectivo metodolóxico fundamental no ensino desta disciplina non debe centrarse só na filosofía se non en todos os eidos que teñen no seu proceso de desenvolvemento a razón como base. Neste sentido, á filosofía, como materia no bacharelato, lle corresponde a tarefa fundamental de transmisión de pautas racionais que nos ofrezan criterios para avaliar os nosos coñecementos e a súa función social. O feito de razoar e o uso do linguaxe é o que nos permite interiorizar o noso ser social, de aí a importancia que outorgaremos ó uso adecuado da linguaxe, xa que nunha sociedade de complexidade cada vez máis crecente como a nosa, na que os xoves terán que usar rexistros moi diferentes, e preciso desenvolver unha capacidade racional que nos permita valorar e comprender o significado das diferentes opcións que se nos presentan. Esta concepción converte ó profesor máis en mediador que en transmisor de coñecementos, a transmisión de pautas racionais debería ser, en todo caso, o método máis adecuado que para ser autónomo. Por iso é preciso atender ao obxectivo metodolóxico fundamental que debe cumprir o ensino da filosofía na súa función integradora dos saberes: neste sentido, é importante que os xoves aprendan a distinguir os distintos tipos de saber e a considerar o seu valor, así como a reconsiderar os campos diferentes da verdade, porque a razón ten que ver coa verdade, pero non é a mesma verdade a que se pode atopar no campo das matemáticas que no da historia.

Outro principio metodolóxico importante é facer entender que se todo coñecemento ten que ver coa razón, pensar e razoar é algo que esixe un esforzo que se desenvolve a no traballo, no estudo e na reflexión, de aí o valor pedagóxico do esforzo como un medio para o aprendizaxe. Tamén consideramos importante aprender a desenvolver a capacidade de escoitar os demais, de poñerse no lugar do outro, xa que a razón non se nota sómente cando un argumenta se non tamén cando un comprende argumentos. Ser racional é ser capaz de desenvolver unha capacidade de diálogo, de poder ser persuadido por argumentos, non só persuadir os demais con argumentos. Como dixo Amos Oz “imaxinar ó outro é un potente antídoto contra o fanatismo e o odio. Creo que os libros que nos fan imaxinar ó outro poden facernos máis inmunes contra as estratagemas do mal”. Compartimos, pois, o espírito que animou a Ilustración no que se reivindicou o valor da lectura como instrumento educativo e civilizador.

De acordo con estes obxectivos básicos, preferiranse clases interactivas, actividades de grupo, autoavaliación, exercicios de ampliación ou reforzo. Para reforzar o cumprimento desta praxe, contamos no centro con aulas de informática, o que permite acceder e ter dispoñíbeis todos os contidos curriculares da disciplina de Filosofía, a partir dos distintos recursos didácticos que están á nosa disposición

## 4 EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA DE 2º DE ESO

### 4.1 INTRODUCCIÓN

Nas sociedades democráticas contemporáneas, a aprendizaxe do papel da cidadanía debe ser unha tarefa compartida polas familias, o sistema educativo e os medios de comunicación. Porén, a comunidade escolar debe estar preparada para asumir esta función e a responsabilidade que dela se deriva.

A Unión Europea establece como obxectivo dos sistemas educativos velar por que na comunidade escolar se promova realmente a aprendizaxe dos valores democráticos e da participación, con fin de preparar as persoas para a cidadanía activa. De acordo coas recomendacións internacionais, un dos principios que inspiran o sistema educativo é a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación. Este principio pon de manifesto a necesidade de incorporar, con entidade propia, unha materia que capacite o alumnado para asumir responsabilidades pola vida en común, construír pautas sociais comúns que vaian máis alá dos intereses sociais individuais e entender o exercicio da cidadanía como valor importante nas relacións humanas.

A educación para a cidadanía pretende contribuír á implicación do alumnado na vida social, como cidadás e cidadáns que posúan a información precisa e sexan conscientes das súas obrigas e responsabilidades, na medida en que os seus obxectivos impregnen todas as materias da etapa e a escola sexa quen de abrirse ao medio social en que as persoas van ter que exercer o seu rol de cidadáns e cidadás, introducindo novas prácticas educativas que lles permitan a toma de contacto con situacións do medio social, que incidan na construción da súa identidade cívica.

A materia Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos, que se imparte no segundo curso, estrutúrase en varios bloques que van desde o persoal e o máis próximo ao global e máis xeral; existe un conxunto de contidos comúns a todos os bloques, orientados á adquisición de procedementos, habilidades sociais e actitudes básicas para o desenvolvemento dunha convivencia pacífica e da cidadanía democrática.

### 4.2 OBXECTIVOS XERAIS

A materia Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Recoñecer a condición humana na súa dimensión individual e social, tomando conciencia da propia identidade, das características e experiencias persoais respectando as diferenzas cos outros e desenvolvendo a autoestima.
2. Coñecer e expresar os sentimentos e as emocións e desenvolver a afectividade nas relacións cos outros, manifestando unha actitude aberta, solidaria e respectuosa, rexeitando os estereotipos, os prexuizos e a violencia en todas as súas formas.
3. Desenvolver a iniciativa persoal, actuar con autonomía, asumindo responsabilidades individuais e colectivas e practicar formas de convivencia e participación baseadas no respecto, utilizando o diálogo e a mediación para evitar e resolver os conflitos.
4. Coñecer, valorar e exercer os dereitos e asumir responsablemente os deberes e as obrigas que se derivan das declaracións internacionais de dereitos humanos e da Constitución española e o Estatuto de Autonomía de Galicia, identificando os valores que os



fundamentan.

5. Asumir a pluralidade das sociedades actuais recoñecendo a diversidade como enriquecedora da convivencia e defender a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas, rexeitando as situacións de inxustiza e as discriminacións existentes por razón de sexo, orixe, crenzas, diferenzas sociais, orientación afectivo-sexual ou de calquera outro tipo, como unha vulneración da dignidade humana e causa perturbadora da convivencia.
6. Recoñecer e asumir a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, valorar a diferenza de sexos rexeitando os estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación e participar activamente na prevención da violencia de xénero.
7. Coñecer e apreciar os principios e valores que fundamentan e lexitiman os sistemas democráticos e o funcionamento da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado español e da Unión Europea, tomando conciencia do patrimonio común e da diversidade social e cultural.
8. Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar de acordo con eles nos diferentes ámbitos da convivencia. Asumir os deberes cidadáns na mantenza dos bens comúns e recoñecer o papel do Estado como garante dos servizos públicos.
9. Coñecer as diversas formas de participación política, desenvolver habilidades dialóxicas orientadas á participación democrática e valorar a importancia da participación cidadá ben sexa na vida política institucionalizada ou noutras formas de participación como a cooperación, o asociacionismo e o voluntariado.
10. Coñecer as causas que provocan a violación dos dereitos humanos, a pobreza e a desigualdade, así como a relación entre os conflitos armados e o subdesenvolvemento. Valorar as accións encamiñadas á consecución da paz e a seguridade e a participación activa como medio para lograr un mundo máis xusto.
11. Recoñecerse membros dunha cidadanía global, baseada nos valores da liberdade, a igualdade e a xustiza e implicarse activamente na súa realización, comezando por mostrar respecto crítico polos costumes e modos de vida de poboacións distintas á propia e manifestar comportamentos solidarios coas persoas e colectivos desfavorecidos.
12. Coñecer e analizar as principais teorías éticas que máis contribuíron ao recoñecemento das liberdades e dos dereitos das persoas.
13. Identificar as posicións morais que están na orixe dos principais problemas e conflitos do mundo actual, valorar a importancia da análise ética na orientación da súa resolución e desenvolver unha actitude crítica ante os modelos que se transmiten a través dos medios de comunicación, mediante a adquisición de destrezas básicas na utilización das fontes de información.
14. Adquirir un pensamento crítico, desenvolver un criterio propio e adquirir habilidades para comunicar as propias ideas e defender as propias posicións en debates, a través da argumentación documentada e razoada, así como para escoitar e valorar as razóns e argumentos das outras persoas.
15. Practicar o diálogo coa realidade social en continuo proceso de transformación, como instrumento para a análise crítica das conviccións persoais e a formulación dun proxecto de vida propio, na dimensión persoal, cívica e profesional.

### **4.3 COMPETENCIAS**

A Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos relaciónase directamente coa competencia social e cidadá, pero a complexidade das sociedades democráticas esixe facer fronte a unha serie de

## EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA DE 2º DE ESO

novos desafíos como o coidado do ambiente, a orientación do desenvolvemento tecnocientífico, a responsabilidade polas xeracións futuras, a igualdade entre os sexos, a loita contra novas formas de exclusión social e contra as existentes, que impiden desvincular a competencia social e cidadá do desenvolvemento das demais competencias básicas. Negarlle á cidadanía a participación no debate sobre estas cuestións, entre outras, sería contradictorio cos valores democráticos. Unha cidadanía activa debe ter capacidade de elixir, pero ser quen de elixir esixe ser quen de formular preguntas, observar, seleccionar, analizar, sintetizar información e transformala en coñecemento, explicitar ideas, construír argumentos, formular hipóteses, etc.

Estamos a falar de destrezas relacionadas con diferentes competencias (competencia en comunicación lingüística, para aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal, etc.), que é necesario adquirir se o obxectivo é a formación integral do alumnado e a súa preparación para a vida social.

En relación coa **competencia social e cidadá**, a educación para a cidadanía propicia a adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática, ao favorecer o desenvolvemento de destrezas que permiten participar, tomar decisións, elixir a forma axeitada de comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das consecuencias derivadas das decisións adoptadas. Contribúe así mesmo a reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal, a tomar conciencia e facilitar a expresión dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións. Ao impulsar os vínculos persoais baseados nos sentimentos e os valores da convivencia e a participación, contribúe a fomentar habilidades sociais destinadas a mellorar as relacións interpersoais.

O coñecemento da diversidade axuda a xerar sentimentos non excluíntes e a interiorizar o valor de respecto, así como a aceptar e usar convencións e normas sociais facilitadoras da convivencia. A sensibilización ante as situacións de discriminación e inxustiza, permite consolidar os valores de cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación tanto no ámbito persoal coma no social. A práctica do diálogo axuda a afrontar e resolver as situacións de conflito mediante procedementos non violentos.

Contribúese tamén á dimensión ética da competencia social e cidadá ao favorecer a identificación e reflexión crítica sobre os valores do contorno e ao ofrecer como referente ético común os valores que sustentan a *Declaración universal dos dereitos humanos*, a Constitución española e o Estatuto de Autonomía de Galicia. Contidos específicos como o coñecemento dos fundamentos e os modos de organización dos estados e das sociedades democráticos, a evolución histórica dos dereitos humanos, o achegamento á pluralidade social ou ao carácter da globalización e as implicacións que comporta para os cidadáns, proporcionanlle ao alumnado instrumentos para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos e liberdades e asumir as responsabilidades e deberes cívicos.

A educación para a cidadanía, a través da educación afectivo emocional, contribúe tamén ao desenvolvemento da **competencia de aprender a aprender**, porque facilita o recoñecemento das propias capacidades e carencias e as habilidades para sacar proveito das primeiras e superar as segundas. Por outra banda, o desenvolvemento do diálogo e a valoración das razóns doutras persoas, require admitir a diversidade de respostas ante un mesmo problema. Así mesmo, o estímulo das destrezas orientadas á recompilación e á síntese de información, á transformación da información en coñecemento, ao desenvolvemento das habilidades sociais que permiten o traballo en equipo e a participación favorecen tamén as aprendizaxes posteriores.

Os contidos da educación para a cidadanía potencian tamén o desenvolvemento da **competencia básica autonomía e iniciativa persoal**, xa que a reflexión sobre as relacións entre intelixencia, sentimentos e emocións, posibilita o coñecemento dun mesmo, o autocontrol e o equilibrio emocional, necesarios para desenvolver un comportamento autónomo. O coñecemento da contribución de distintas

teorías éticas facilita a creación dun código moral propio. Por outra banda, os contidos procedementais do currículo atenden especialmente á argumentación, á elaboración de ideas propias, ao estudo de casos que esixan un posicionamento persoal sobre un problema e a procura de posibles solucións. Prevé así mesmo a necesidade de planificar, tomar decisións con criterio propio e asumir a responsabilidade da elección. A formulación de dilemas morais, que caracterizan as materias desta área, contribúe tamén a que as alumnas e os alumnos constrúan un xuízo ético propio baseado nos valores e prácticas democráticas.

O uso sistemático do diálogo e do debate contribúe á **competencia en comunicación lingüística**. Debater en serio esixe exercitarse na escoita, a exposición e a argumentación e, para iso, é necesario verbalizar os conceptos, facer explícitas as ideas, formar os xuízos e estruturalos de forma coherente.

A necesidade de buscar, obter, analizar, sintetizar e relacionar a información procedente de distintas fontes, comprendela e integrala para producir coñecemento, comunicala, facer inferencias e deducións son procedementos que contribúen tamén a desenvolver a competencia tratamento da información e competencia dixital.

A educación para a cidadanía permite tamén mellorar a **competencia cultural e artística**, porque o desenvolvemento de habilidades sociais para a convivencia nunha sociedade plural, esixe ser quen de apreciar o feito cultural nas súas diversas manifestacións.

Finalmente, ser conscientes da importancia do uso responsable dos recursos naturais, da necesidade de preservar o ambiente, potenciar o consumo responsable e unha forma de vida saudable, son contidos con que desde a educación para a cidadanía é posible contribuír tamén ao desenvolvemento da **competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**.

## **4.4 CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZADOS**

### **PRIMEIRO TRIMESTRE**

#### **Bloque I.**

##### **Unidade 1: Persoa e entorno**

##### **A) Obxectivos didácticos**

- Comprender e incorporar o concepto de familia.
- Valorar criticamente a división social e sexual do traballo e rexeitamento de prexuízos racistas, xenófobos, homófobos e sexistas.
- Recoñecer e valorar o papel da familia como axente socializador.
- Valorar criticamente o papel tradicional da familia na fixación de roles e comportamentos sexistas.
- Valorar e usar o diálogo como instrumento para a prevención e resolución de conflitos nas relacións entre iguais e nas relacións interxeracionais.
- Coñecer e expresar os sentimentos e as emocións e desenvolver a afectividade nas relacións cos outros, manifestando unha actitude aberta, solidaria e respectuosa, rexeitando os estereotipos, os prexuízos e a violencia en todas as súas formas.
- Recoñecer e valorar a convivencia familiar como un sistema de comunicación e cooperación entre xeracións. Detectar posibles disfuncións (como abuso sexual ou malos tratos): análise e busca de solucións compartidas.
- Recoñecer e asumir a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, valorar a diferenza de sexos rexeitando os estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación e participar activamente na prevención da violencia de xénero.

## EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA DE 2º DE ESO

- Practicar formas de convivencia e participación baseadas no respecto, utilizando o diálogo e a mediación para evitar e resolver os conflitos.
- Reflexionar sobre a importancia da educación na conformación da identidade e a autonomía persoal.
- Identificar a escolarización como un dereito básico de todos os nenos e nenas, independentemente do seu sexo, raza, condición social, etc.
- Reflexionar sobre a situación escolar na actualidade, especialmente nos países en vías de desenvolvemento, onde aínda non é un dereito universal.
- Recoñecer e asumir a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes en relación ao dereito á educación.
- Recoñecer e valorar o principio democrático de que a escola debe garantir a igualdade de oportunidades.
- Comprender e incorporar os conceptos de amizade, fraternidade, dignidade, sinceridade, agradecemento, cordialidade, diálogo, etc., básicos para a convivencia.
- Recoñecer e valorar a convivencia escolar como un sistema de comunicación e cooperación entre individuos. Detectar posibles disfuncións (como o acoso escolar): análise e busca de solucións compartidas.
- Recoñecer a igualdade das persoas en dignidade e dereitos, identificación e condena de situacións de violencia e coñecemento dos recursos para denunciar e combater a violación de dereitos.
- Recoñecer e valorar o compañeirismo e a amizade como un sistema de comunicación e cooperación entre iguais.
- Coñecer a organización dos centros de ensino.
- Identificar e exercer os deberes e dereitos que se teñen como alumnado dun centro.

### **B) Competencias básicas**

- Adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática.
- Desenvolvemento de vínculos persoais baseados nos sentimentos e os valores da convivencia e a participación.
- Contribución ao fomento de habilidades sociais destinadas a mellorar as relacións interpersoais.
- Argumentación, elaboración de ideas propias e estudo de casos que esixan un posicionamento persoal sobre un problema e procura de posibles solucións, favorecendo a autonomía e iniciativa persoal.
- Busca, obtención, análise, síntese e relación de información procedente de distintas fontes (audiovisuais, textos, viñetas, imaxes, TIC...).
- Reforzo da autonomía, a autoestima e a identidade persoal; toma de conciencia e expresión dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións.
- Práctica do diálogo para afrontar e resolver as situacións de conflito mediante

procedementos non violentos.

- Exercicio dos dereitos e liberdades e asunción das responsabilidades e deberes cívicos.
- Desenvolvemento de vínculos persoais baseados nos sentimentos e os valores da convivencia e a participación.
- Contribución ao fomento de habilidades sociais destinadas a mellorar as relacións interpersoais.
- Coñecemento da organización dos centros de ensino como reprodución da organización da sociedade, proporcionándolle ao alumnado instrumentos para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos.

### C) Contidos

- A idea de persoa.
- A identidade persoal.
- A autonomía.
- A relación cos demais.
- A familia: tipos de familia.
- As relacións interpersoais.
- O centro educativo.
- A convivencia no centro.

### D) Criterios de avaliación

- Recoñece a importancia das outras persoas na construción da propia identidade, respecta criticamente as diferenzas para ir máis alá dunha tolerancia pasiva baseada no relativismo ou na indiferenza, cara a unha tolerancia activa.
- Valora a importancia das outras persoas para a construción da propia identidade, toma conciencia dos vínculos que están na base da convivencia e inicia a construción dun código de conduta autónomo, a partir do recoñecemento da propia identidade e do respecto e tolerancia polas diferenzas persoais e sociais.
- Practica o diálogo para evitar e superar os conflitos nas relacións entre iguais e nas relacións interxeracionais.
- Identifica e rexeita, a partir da análise de feitos reais ou figurados, as situacións de discriminación cara a persoas de diferente orixe, xénero, ideoloxía, relixión, orientación afectivo-sexual e outras, respectando as diferenzas persoais e mostrando autonomía de criterio.
- Utiliza diferentes fontes de información e considerar as distintas posicións e alternativas existentes nos debates que se formulen sobre problemas e situacións de carácter local ou global.
- Desenvolve a afectividade nas relacións cos outros, manifestando unha actitude aberta, solidaria e respectuosa, rexeitando os estereotipos, os prexuízos e a violencia en todas as súas formas.

## EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA DE 2º DE ESO

- Participa activamente na prevención da violencia de xénero.
- Valora a importancia da escolarización como un dereito fundamental.
- En relación co ámbito escolar, reconece os actos e as situacións de vulneración de dereitos humanos no mundo actual, as discriminacións que aínda sofren algúns colectivos, tanto na lexislación como na vida real e, particularmente, describe e rexeita a discriminación de feito e, en casos, tamén de dereito que afectan ás mulleres.
- Participa, de modo democrático e cooperativo, en todas as actividades programadas tanto na aula como fóra dela, e en xeral na vida do centro e do contorno como preparación para o exercicio duna cidadanía activa.
- Defende a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas, rexeitando as situacións de inxustiza e as discriminacións existentes por razón de sexo, orixe, crenzas, diferenzas sociais, orientación afectivo-sexual ou de calquera outro tipo, como unha vulneración da dignidade humana e causa perturbadora da convivencia.
- Axuda a compañeiras, compañeiros e, en xeral, a persoas en situación desfavorecida.
- Rexeita e coñece os mecanismos de denuncia de situacións de violencia ou acoso escolar.
- Coñece, valora e exerce os dereitos e asume responsablemente os deberes e as obrigas que se derivan da organización dos centros de ensino.
- Desenvolve a iniciativa persoal, actúa con autonomía, asumindo responsabilidades individuais e colectivas e practica formas de convivencia e participación baseadas no respecto, utilizando o diálogo e a mediación para evitar e resolver os conflitos.

### **Unidade 2:** Barrios, pobos e cidades

#### **A)** Obxectivos didácticos

- Recoñecer e valorar a amizade como un sistema de comunicación e cooperación entre iguais.
- Comprender e incorporar os conceptos de amizade, fraternidade, dignidade, sinceridade, agradecemento, cordialidade, diálogo, etc., básicos para a convivencia.
- Reflexionar sobre os valores da mocidade e analízalos criticamente.
- Asumir a responsabilidade cidadá: identificación e aprecio dos bens comúns e servizos públicos.
- Reflexión sobre as causas, avaliación das consecuencias dos accidentes de circulación e implicación na súa prevención.
- Identificar e valorar as diversas formas de participación cidadá: cooperación, asociacionismo e voluntariado.
- Reflexionar sobre o impacto das actividades individuais e colectivas sobre o medio social e natural e valorar a propia responsabilidade dos nosos actos.
- Identificar o sistema de dereitos e deberes como base da convivencia política.
- Coñecer, valorar e exercer os dereitos e asumir responsablemente os deberes e as

obrigas que se derivan das normas que regulan a vida en sociedade.

- Reflexionar sobre diferentes formas de goberno e valorar as características propias do sistema democrático.
- Diferenciar entre os conceptos de moral e dereito.
- Reflexionar sobre a concepción dos animais como obxectos de dereito.
- Asumir a responsabilidade cidadá: apreciar e actuar con responsabilidade cara aos demais seres vivos, nomeadamente os animais.

### B) Competencias básicas

- Consolidación dos valores de cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación tanto no ámbito persoal coma no social.
- Reforzo da autonomía, a autoestima e a identidade persoal; toma de conciencia e expresión dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións.
- Desenvolvemento de vínculos persoais baseados nos sentimentos e os valores da convivencia e a participación.
- Contribución ao fomento de habilidades sociais destinadas a mellorar as relacións interpersoais.
- Argumentación, elaboración de ideas propias e estudo de casos que esixan un posicionamento persoal sobre un problema e procura de posibles solucións, favorecendo a autonomía e iniciativa persoal.
- Busca, obtención, análise, síntese e relación de información procedente de distintas fontes (audiovisuais, textos, viñetas, imaxes, TIC...).
- Coñecemento da contribución de distintas teorías éticas que facilite a creación dun código moral propio.
- Coñecemento dos fundamentos e os modos de organización dos estados e das sociedades democráticas.
- Formulación de dilemas morais que contribúen a que as alumnas e os alumnos constrúan un xuízo ético propio baseado nos valores e prácticas democráticas.
- Consciencia da importancia do trato responsable cara aos animais, o que contribúe ao desenvolvemento da competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.

### C) Contidos

- A convivencia social.
- A comunidade de veciños.
- Barrios, pobos e cidades.
- O concepto de cidadanía.
  1. Historia da cidadanía.
  2. Definición de cidadanía.
  3. Os tipos de cidadanía.
- A educación vial.

## EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA DE 2º DE ESO

- Fronte á desigualdade.
- Consumo racional e responsable.

### D) Criterios de avaliación

- Valora a importancia das outras persoas para a construción da propia identidade, tomar conciencia dos vínculos que están na base da convivencia e iniciar a construción dun código de conduta autónomo, a partir do recoñecemento da propia identidade e do respecto e tolerancia polas diferenzas persoais e sociais.
- Valora o compromiso do alumnado con iniciativas encamiñadas á construción dunha sociedade máis xusta e solidaria.
- Mostra, ante situacións da vida cotiá, actitudes cívicas relativas ao coidado do contorno e á seguridade viaria.
- Desenvolve habilidades sociais de respecto e tolerancia e utiliza de forma sistemática o diálogo como instrumento para evitar e resolver os conflitos nas relacións interxeracionais e entre iguais, rexeitando calquera tipo de violencia.
- Valora o compromiso co exercicio dunha cidadanía responsable, crítica e activa.
- Participa, de modo democrático e cooperativo, en todas as actividades programadas tanto na aula como fóra dela, e en xeral na vida do centro e do contorno como preparación para o exercicio duna cidadanía activa.
- Coñece, valora e exerce os dereitos e asume responsablemente os deberes e as obrigas que se derivan da vida en sociedades democráticas.
- Coñece e aprecia os principios e valores que fundamentan e lexitiman os sistemas democráticos.
- Adquire un pensamento crítico, desenvolve un criterio propio e adquire habilidades para comunicar as propias ideas e defender as propias posicións en debates, a través da argumentación documentada e razoada, así como para escoitar e valorar as razóns e argumentos das outras persoas.
- Asume a responsabilidade cidadá: aprecia actuar con responsabilidade cara aos demais seres vivos, nomeadamente os animais.

## SEGUNDO TRIMESTRE

### Bloque II.

#### Unidade 1: Sociedades democráticas

##### A) Obxectivos didácticos

- Coñecer a historia da loita pola liberdade e os dereitos dos individuos. Valorar o proceso histórico que vai dende o feudalismo e o absolutismo ata a democracia.
- Identificar os principios básico da democracia e do Estado de dereito a súa evolución.
- Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar de acordo con eles nos diferentes ámbitos da convivencia.
- Recoñecer e asumir a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes que supuxo a conquista do sufraxio universal.



## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

---

- Coñecer e valorar a traxectoria de persoas que destacaron pola loita a favor dos valores democráticos, especialmente os ligados á loita pola participación política das mulleres como Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán ou Clara Campoamor.
- Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar de acordo con eles nos diferentes ámbitos da convivencia.
- Identificar as principais institucións e os conceptos fundamentais que definen un sistema democrático.
- Identificar o sistema de dereitos e deberes como base da convivencia política. Valorar o exercicio dunha cidadanía activa, que coñece os seus dereitos e asume as súas responsabilidades. Os sistemas de votación democrática.
- Valorar a política como servizo á cidadanía: a responsabilidade pública.
- Identificar e valorar as diversas formas de participación cidadá: cooperación, asociacionismo e voluntariado.
- Identificar e coñecer os principios, dereitos e deberes fundamentais recoñecidos na Constitución española e no Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Identificar e coñecer as partes fundamentais dunha constitución, especialmente a Constitución española, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Coñecer os sistemas de votación democrática e os elementos fundamentais das votacións democráticas.
- Valoración da política como servizo á cidadanía: a responsabilidade pública.
- Asumir a responsabilidade cidadá: identificación e aprecio dos bens comúns e servizos públicos.
- Coñecer os dereitos e deberes que implica o consumo, planificar condutas e adquirir hábitos de consumo racional e responsable compatible coa sustentabilidade.
- Observar o impacto das actividades individuais e colectivas sobre o ambiente e valorar a responsabilidade polo seu coidado.
- Valorar os impostos como a contribución da cidadanía aos gastos e investimentos públicos e como instrumento para a distribución da renda e compensación das desigualdades.
- Información sobre a estrutura e funcionamento da protección civil e coñecemento do seu papel na prevención e xestión dos desastres naturais e provocados.

### B) Competencias básicas

- Adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática.
- Coñecemento dos fundamentos e modos de organización dos estados e das sociedades democráticas e evolución histórica do concepto de democracia, proporcionanlle ao alumnado instrumentos para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos e liberdades e asumir as responsabilidades e deberes cívicos.
- Adquisición de destrezas orientadas á recompilación e á síntese de información, á transformación da información en coñecemento, ao desenvolvemento das

## EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA DE 2º DE ESO

habilidades sociais que permiten o traballo en equipo e a participación que favorezan aprendizaxes posteriores.

- Argumentación, elaboración de ideas propias, estudo de casos que esixan un posicionamento persoal sobre un problema e procura de posibles solucións.
- Sensibilización cara ao consumo responsable e formas de vida saudable: contidos cos que desde a educación para a cidadanía é posible contribuír tamén ao desenvolvemento da competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.
- Busca, obtención, análise, síntese e relación de información procedente de distintas fontes (audiovisuais, textos, viñetas, imaxes, TIC...).

### C) Contidos

- A democracia.
  1. Os Estados democráticos.
  2. Historia da democracia.
  3. Os Principios democráticos.
- A democracia en España.
  1. O Estado español.
  2. As Comunidades Autónomas.
  3. A Facenda Pública.
  4. A Protección Civil.
  5. A Seguridade Social.
- A Unión Europea.
  1. Historia da Unión.
  2. As Institucións da Unión.

### D) Criterios de avaliación

- Identifica os principios básico da democracia e do Estado de dereito a súa evolución.
- Distingue situacións de vulneración deses principios e rexeita as desigualdades de feito e de dereito, en particular as que afectaron ou seguen a afectar ás mulleres.
- Documentase debidamente utilizando distintas fontes de información e é quen de analízalas e sintetizar a información para presentar as súas opinións de forma rigorosa, argumentando debidamente.
- Participa, de modo democrático e cooperativo, en todas as actividades programadas tanto na aula como fóra dela, e en xeral na vida do centro e do contorno como preparación para o exercicio duna cidadanía activa.
- Identificar os conceptos fundamentais (pluralismo político, parlamentarismo, representatividade...) que definen un sistema democrático, así como os seus principios e institucións fundamentais.
- Valora a política como servizo á cidadanía.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

---

- Identifica e valora as diversas formas de participación cidadá: cooperación, asociacionismo e voluntariado.
- Acepta as decisións da maioría e respecta os dereitos das minorías.
- Participa, de modo democrático e cooperativo, en todas as actividades programadas tanto na aula como fóra dela, e en xeral na vida do centro e do contorno como preparación para o exercicio duna cidadanía activa. Identifica os trazos fundamentais do sistema político español no que respecta á identificación das institucións fundamentais e os dereitos e deberes recollidos na Constitución española e no Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Documentábase debidamente utilizando distintas fontes de información e é quen de analízalas e sintetizar a información para presentar as súas opinións de forma rigorosa, argumentando debidamente.
- Participa, de modo democrático e cooperativo, en todas as actividades programadas tanto na aula como fóra dela, e en xeral na vida do centro e do contorno como preparación para o exercicio duna cidadanía activa.
- Identifica os principais servizos públicos que deben garantir as administracións.
- Recoñece a contribución dos cidadáns e cidadás no mantemento dos bens comúns e mostra, ante situacións da vida cotiá, actitudes cívicas relativas ao coidado do contorno, á seguridade viaria, á protección civil e ao consumo responsable.
- Comprende as obrigas que corresponden a cada cidadán/á no mantemento dos servizos públicos a través da contribución fiscal.
- Utiliza diferentes fontes de información e considera as distintas posicións e alternativas existentes nos debates que se formulan sobre problemas e situacións de carácter local ou global

### **Unidade 2:** Os dereitos humanos

#### **A)** Obxectivos didácticos

- Coñecer e manexar da Declaración universal dos dereitos humanos e asumir os deberes e responsabilidades que dela se derivan.
- Valorar o proceso de recoñecemento e proclamación dos dereitos humanos como unha conquista histórica inacabada.
- Recompilar información sobre os distintos tipos de documentos que recollen a lexislación internacional sobre os dereitos humanos e sobre os mecanismos de control e protección dos acordos.
- Recoñecer a igualdade das persoas en dignidade e dereitos, identificar e condenar situacións de violacións dos dereitos humanos e coñecer os recursos para denunciar e combater a violación dos dereitos.
- Coñecer os dereitos da infancia na sociedade actual e a loita pola súa consecución.
- Coñecer os dereitos das mulleres na nosa sociedade actual e a loita pola súa consecución. Recoñecer a igualdade de dereitos de mulleres e homes e identificar e rexeitar as situacións de discriminación das cales aínda son vítimas as mulleres.

#### **B)** Competencias básicas

- Identificación e reflexión crítica sobre os valores do contorno e asunción dos valores

## EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA DE 2º DE ESO

que sustentan a Declaración universal dos dereitos humanos como referente ético, contribuíndo á dimensión ética da competencia social e cidadá.

- Coñecemento da evolución histórica dos dereitos humanos e achegamento á pluralidade social, proporcionando instrumentos para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos e liberdades e asumir as responsabilidades e deberes cívicos.
- Identificación e reflexión crítica sobre os dereitos da infancia e da muller.
- Argumentación, elaboración de ideas propias e estudo de casos que esixan un posicionamento persoal sobre un problema e procura de posibles solucións, favorecendo a autonomía e iniciativa persoal.
- Busca, obtención, análise, síntese e relación de información procedente de distintas fontes (audiovisuais, textos, viñetas, imaxes, TIC...).

### C) Contidos

- Os Dereitos Humanos.
- Historia dos Dereitos Humanos.
- Declaración Universal de Dereitos.
- Os Dereitos das Mulleres.
- Os Dereitos dos Nenos.
- A violación dos Dereitos Humanos.
  1. Dereitos dos refuxiados.
  2. Dereitos dos indíxenas.
- A loita polos Dereitos Humanos.
  1. Alto comisionado de Nacións Unidas.

### D) Criterios de avaliación

- Identifica os principios básicos das declaracións internacionais dos dereitos humanos e a súa evolución.
- Distingue situacións de violación destes dereitos e reconece e rexeita as desigualdades de feito e de dereito, en particular as que afectan á infancia e ás mulleres.
- Identifica os dereitos da infancia e da muller.
- Distingue violacións destes dereitos e reconece e rexeita as desigualdades de feito e de dereito.
- Coñece e aprecia os principios e valores que fundamentan e lexitiman os sistemas democráticos.
- Utiliza diferentes fontes de información e considera as distintas posicións e alternativas existentes nos debates que se formulan sobre problemas e situacións de carácter local ou global.

TERCEIRO TRIMESTRE

**Bloque III.**

**Unidade 1:** A loita contra o subdesenvolvemento e a globalización

**A)** Obxectivos didácticos

- Valorar a diversidade social e cultural como enriquecedora da convivencia nunha sociedade plural.
- Identificar situacións de violación de dereitos e sensibilizar fronte ás necesidades de colectivos e grupos desfavorecidos.
- Planificar iniciativas encamiñadas á construción dunha sociedade máis xusta e solidaria.

**B)** Competencias básicas

- Desenvolvemento de habilidades sociais para a convivencia nunha sociedade plural, aprecio polo feito cultural nas súas diversas manifestacións.
- Adquisición de destrezas orientadas á recompilación e á síntese de información, á transformación da información en coñecemento, ao desenvolvemento das habilidades sociais que permiten o traballo en equipo e a participación que favorezan aprendizaxes posteriores.
- Busca, obtención, análise, síntese e relación de información procedente de distintas fontes (audiovisuais, textos, viñetas, imaxes, TIC...).

**C)** Contidos

- O mundo global.
  1. A idea de globalización.
  2. A globalización a debate.
- As diferenzas entre o Norte e o Sur.
  1. O consumismo do Norte.
  2. A pobreza do Sur.
- Os desafíos pendentes.
  1. A débeda externa.
  2. A corrupción dos gobernos.
  3. O gasto militar.
  4. O comercio desigual.
- Os problemas ambientais.
  1. A agresión á Terra.
  2. Cara a unha sociedade sostible

**D)** Criterios de avaliación

- Identifica as características da globalización e recoñece as relacións que existen entre a sociedade en que vive e a vida das persoas doutras partes do mundo.
- Comprende as repercusións que determinadas formas de vida do mundo

## EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA DE 2º DE ESO

desenvolvido teñen nos países en vías de desenvolvemento e manifesta actitudes de solidariedade cos grupos desfavorecidos.

- Valorar a importancia da participación humanitaria para paliar as consecuencias dos conflitos sociais.
- Documéntase debidamente utilizando distintas fontes de información e é quen de analízalas e sintetizar a información para presentar as súas opinións de forma rigorosa, argumentando debidamente.
- Utiliza e contrasta con rigor información procedente de diversos medios para identificar as causas dalgúns dos problemas das sociedades actuais, elabora un punto de vista propio e desenvolve actitudes responsables que contribúan á súa mellora.

### Unidade 2: Conflitos no mundo actual

#### A) Obxectivos didácticos

- Sensibilizar ante as desigualdades: riqueza e pobreza. Coñecer iniciativas encamiñadas á loita contra a pobreza e a axuda ao desenvolvemento.
- Identificar conflitos no mundo actual e sensibilizar ante a situación das persoas que sofren directamente as súas consecuencias.
- Planificar iniciativas encamiñadas á construción dunha sociedade máis xusta, sostible e solidaria.
- Concienciar da importancia do uso responsable dos recursos naturais, da necesidade de preservar o ambiente e potenciar o consumo responsable.
- Sensibilizar ante as desigualdades: fenómeno migratorio e riqueza-pobreza.
- Coñecer iniciativas encamiñadas á loita contra a pobreza e a axuda ao desenvolvemento.
- Identificar situacións de violación de dereitos e sensibilización fronte ás necesidades de colectivos e grupos desfavorecidos.
- Valorar a diversidade social e cultural como enriquecedora da convivencia nunha sociedade plural.
- Adquirir un pensamento crítico, desenvolver un criterio propio e adquirir habilidades para comunicar as propias ideas e defender as propias posicións en debates, a través da argumentación documentada e razoada, así como para escoitar e valorar as razóns e argumentos das outras persoas.

#### B) Competencias básicas

- Achegamento á pluralidade social ou ao carácter da globalización e as implicacións que comporta para os cidadáns, proporcionando ao alumnado instrumentos para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos e liberdades e asumir as responsabilidades e deberes cívicos.
- Toma de conciencia da importancia do uso responsable dos recursos naturais, da necesidade de preservar o ambiente, potenciar o consumo responsable e unha forma de vida saudable, contidos cos que desde a educación para a cidadanía se contribúe

ao desenvolvemento da competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.

#### C) Contidos

- As ameazas do noso mundo.
  1. Os conflitos armados.
  2. As epidemias.
  3. A destrución do medio.
- Os organismos para a paz.
  1. As Nacións Unidas.
- Os organismos para o benestar.
  1. Os programas para o desenvolvemento.
  2. O labor das ONG.
- Cara a un mundo mellor.
  1. Accións individuais.
  2. Accións colectivas.

#### D) Criterios de avaliación

- Recoñece a existencia de conflitos e o papel que desempeñan neles as organizacións internacionais e as organizacións humanitarias.

### **4.5 PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

Consistirá nun cuestionario inicial, imaxe, audiovisual ou texto no que a partir de un conxunto de preguntas se pretende ir introducindo o alumnado no tema a tratar. O que buscamos e máis a implicación do alumnado que a avaliación de contidos. Tratarase, na maior parte dos casos, de interrogantes que pretenden facelos reflexionar acerca das súas propias ideas, actitudes e comportamentos, de forma que nos permita coñecer de onde partimos e iniciar unha máis ampla reflexión filosófica.

### **4.6 CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Aos que aparecen nos diferentes apartados da programación de aula, haberá que engadir

- A puntualidade e a asidua asistencia ás clases, así como a regular participación nas actividades escolares que o departamento organice.
- A participación no traballo de colaboración: Comprende o trato solidario, o respecto ás persoas e a potenciación da integración e a participación dos colaboradores.
- A debida atención ás explicacións do profesor/a. Considerarase unha falta grave a deliberada e continuada alteración do ritmo da clase.
- O cumprimento dos prazos de presentación das actividades propostas.
- A participación no proxecto Abalar.
- A participación na Aula Virtual.

### **4.7 CONTIDOS MÍNIMOS**

Son os expresados nos diferentes apartados de conceptos dos contidos secuenciados e temporalizados.

## 4.8 SISTEMA DE PUNTUACIÓN.

1. Caderno de clase, traballos sobre lecturas complementarias e investigación : diariamente se traerá o caderno. As actividades realizaranse en casa e ocasionalmente en clase. É condición necesaria aínda que non suficiente elaborar estes traballos e participar na aula virtual para superar as diferentes avaliacións: 30%.
2. Exames: 60%.
3. Na cualificación das probas escritas ou traballos valoraranse positivamente os seguintes aspectos.
  - a) Adecuación pregunta-resposta
  - b) Corrección formal e ortográfica: as faltas de ortografía ou gramaticais descontarán 0,1 puntos ata un máximo de un punto.
  - c) Capacidade de síntese
  - d) Capacidade de definición
  - e) Capacidade de argumentación e razoamento
4. Actitude, atención, participación, asistencia, regularidade, interese: 10%. Por defecto se les da a los alumnos la máxima cualificación de 10 puntos dos que se irán descontando o valor dos conceptos de actitude segundo o seguinte criterios:

Amoestación escrita ou expulsión	-10
Amoestación verbal	-5
Negativo	-2
Positivo	+2
Falta inxustificada	-3
Retraso	-2

5. No caso de non presentar os traballos de investigación ou o caderno de clase o alumno deberá realizar os exames de contidos mínimos establecidos no sistema extraordinario de avaliación.

## 4.9 CONTRIBUCIÓN O PLAN LECTOR

Obras de lectura para este curso

Shelley, Mary ; *Frankenstein o el moderno Prometeo*



## 5 EDUCACIÓN ÉTICO CÍVICA DE CUARTO DE ESO

### 6 INTRODUCCIÓN.

Nas sociedades democráticas contemporáneas, a aprendizaxe do papel da cidadanía debe ser unha tarefa compartida polas familias, o sistema educativo e os medios de comunicación. Porén, a comunidade escolar debe estar preparada para asumir esta función e a responsabilidade que dela se deriva.

A Unión Europea establece como obxectivo dos sistemas educativos velar por que na comunidade escolar se promova realmente a aprendizaxe dos valores democráticos e da participación, con fin de preparar as persoas para a cidadanía activa. De acordo coas recomendacións internacionais, un dos principios que inspiran o sistema educativo é a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación. Este principio pon de manifesto a necesidade de incorporar, con entidade propia, unha materia que capacite o alumnado para asumir responsabilidades pola vida en común, construír pautas sociais comúns que vaian máis alá dos intereses sociais individuais e entender o exercicio da cidadanía como valor importante nas relacións humanas.

A educación para a cidadanía pretende contribuír á implicación do alumnado na vida social, como cidadás e cidadáns que posúan a información precisa e sexan conscientes das súas obrigas e responsabilidades, na medida en que os seus obxectivos impregnen todas as materias da etapa e a escola sexa quen de abrirse ao medio social en que as persoas van ter que exercer o seu rol de cidadáns e cidadás, introducindo novas prácticas educativas que lles permitan a toma de contacto con situacións do medio social, que incidan na construción da súa identidade cívica.

A materia Ética e Educación para a Cidadanía, que se imparte no cuarto curso, estrutúrase en varios bloques que van desde o persoal e o máis próximo ao global e máis xeral; existe un conxunto de contidos comúns a todos os bloques, orientados á adquisición de procedementos, habilidades sociais e actitudes básicas para o desenvolvemento dunha convivencia pacífica e da cidadanía democrática.

Xa que logo, o currículo da materia de Ética e Educación para a Cidadanía de cuarto curso presenta os contidos organizados en sete bloques que van do máis próximo ao máis xeral.

#### 6.1 OBXECTIVOS XERAIS

1. Recoñecer a condición humana na súa dimensión individual e social, tomando conciencia da propia identidade, das características e experiencias persoais, respectando as diferenzas coas outras persoas e desenvolvendo a autoestima.
2. Coñecer e expresar os sentimentos e as emocións e desenvolver a afectividade nas relacións coas outras persoas, manifestando unha actitude aberta, solidaria e respectuosa, rexeitando os estereotipos, os prexuízos e a violencia en todas as súas formas.
3. Desenvolver a iniciativa persoal, actuar con autonomía, asumindo responsabilidades individuais e colectivas e practicar formas de convivencia e participación baseadas no respecto, utilizando o diálogo e a mediación para evitar e resolver os conflitos.
4. Coñecer, valorar e exercer os dereitos e asumir responsablemente os deberes e as obrigas que se derivan das declaracións internacionais de dereitos humanos e da Constitución española e o Estatuto de Autonomía de Galicia, identificando os valores que os fundamentan.
5. Asumir a pluralidade das sociedades actuais recoñecendo a diversidade como enriquecedora da convivencia e defender a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas,

## INTRODUCCIÓN.

rexeitando as situacións de inxustiza e as discriminacións existentes por razón de sexo, orixe, crenzas, diferenzas sociais, orientación afectivo-sexual ou de calquera outro tipo, como unha vulneración da dignidade humana e causa perturbadora da convivencia.

6. Recoñecer e asumir a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, valorar a diferenza de sexos, rexeitando os estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación e participar activamente na prevención da violencia de xénero.
7. Coñecer e apreciar os principios e valores que fundamentan e lexitiman os sistemas democráticos e o funcionamento da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado español e da Unión Europea, tomando conciencia do patrimonio común e da diversidade social e cultural.
8. Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar de acordo con eles nos diferentes ámbitos da convivencia. Asumir os deberes cidadáns na mantenza dos bens comúns e recoñecer o papel do Estado como garante dos servizos públicos.
9. Coñecer as diversas formas de participación política, desenvolver habilidades dialóxicas orientadas á participación democrática e valorar a importancia da participación cidadá ben sexa na vida política institucionalizada ou noutras formas de participación como a cooperación, o asociacionismo e o voluntariado.
10. Coñecer as causas que provocan a violación dos dereitos humanos, a pobreza e a desigualdade, así como a relación entre os conflitos armados e o subdesenvolvemento. Valorar as accións encamiñadas á consecución da paz e a seguridade e a participación activa como medio para lograr un mundo máis xusto.
11. Recoñecerse membros dunha cidadanía global, baseada nos valores da liberdade, a igualdade e a xustiza e implicarse activamente na súa realización, comezando por mostrar respecto crítico polos costumes e modos de vida de poboacións distintas á propia e manifestar comportamentos solidarios coas persoas e colectivos desfavorecidos.
12. Coñecer e analizar as principais teorías éticas que máis contribuíron ao recoñecemento das liberdades e dos dereitos das persoas.
13. Identificar as posicións morais que están na orixe dos principais problemas e conflitos do mundo actual, valorar a importancia da análise ética na orientación da súa resolución e desenvolver unha actitude crítica ante os modelos que se transmiten a través dos medios de comunicación, mediante a adquisición de destrezas básicas na utilización das fontes de información.
14. Adquirir un pensamento crítico, desenvolver un criterio propio e adquirir habilidades para comunicar as propias ideas e defender as propias posicións en debates, a través da argumentación documentada e razoada, así como para escoitar e valorar as razóns e argumentos das outras persoas.
15. Practicar o diálogo coa realidade social en continuo proceso de transformación, como instrumento para a análise crítica das conviccións persoais e a formulación dun proxecto de vida propio, na dimensión persoal, cívica e profesional.

## 6.2 COMPETENCIAS.

A Ética e Educación para a Cidadanía relaciónase directamente coa competencia social e cidadá, pero a complexidade das sociedades democráticas esixe facer fronte a unha serie de novos desafíos como o coidado do ambiente, a orientación do desenvolvemento tecnocientífico, a responsabilidade polas xeracións futuras, a igualdade entre os sexos, a loita contra novas formas de exclusión social e contra as

existentes, que impiden desvincular a competencia social e cidadá do desenvolvemento das demais competencias básicas. Negarlle á cidadanía a participación no debate sobre estas cuestións, entre outras, sería contradictorio cos valores democráticos. Unha cidadanía activa debe ter capacidade de elixir, pero ser quen de elixir esixe ser quen de formular preguntas, observar, seleccionar, analizar, sintetizar información e transformala en coñecemento, explicitar ideas, construír argumentos, formular hipóteses, etc.

Estamos a falar de destrezas relacionadas con diferentes competencias (competencia en comunicación lingüística, para aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal, etc.), que é necesario adquirir se o obxectivo é a formación integral do alumnado e a súa preparación para a vida social.

En relación coa competencia social e cidadá, a educación para a cidadanía propicia a adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática, ao favorecer o desenvolvemento de destrezas que permiten participar, tomar decisións, elixir a forma axeitada de comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das consecuencias derivadas das decisións adoptadas. Contribúe así mesmo a reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal, a tomar conciencia e facilitar a expresión dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións. Ao impulsar os vínculos persoais baseados nos sentimentos e os valores da convivencia e a participación, contribúe a fomentar habilidades sociais destinadas a mellorar as relacións interpersoais.

O coñecemento da diversidade axuda a xerar sentimentos non excluíntes e a interiorizar o valor de respecto, así como a aceptar e usar convencións e normas sociais facilitadoras da convivencia. A sensibilización ante as situacións de discriminación e inxustiza permite consolidar os valores de cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación tanto no ámbito persoal coma no social. A práctica do diálogo axuda a afrontar e resolver as situacións de conflito mediante procedementos non violentos.

Contribúese tamén á dimensión ética da competencia social e cidadá ao favorecer a identificación e reflexión crítica sobre os valores do contorno e ao ofrecer como referente ético común os valores que sustentan a Declaración universal dos dereitos humanos, a Constitución española e o Estatuto de Autonomía de Galicia. Contidos específicos como o coñecemento dos fundamentos e os modos de organización dos estados e das sociedades democráticos, a evolución histórica dos dereitos humanos, o achegamento á pluralidade social ou ao carácter da globalización e as implicacións que comporta para os cidadáns, proporciónanlle ao alumnado instrumentos para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos e liberdades e asumir as responsabilidades e deberes cívicos.

A educación para a cidadanía, a través da educación afectivo emocional, contribúe tamén ao desenvolvemento da competencia de aprender a aprender, porque facilita o recoñecemento das propias capacidades e carencias e as habilidades para sacar proveito das primeiras e superar as segundas. Por outra banda, o desenvolvemento do diálogo e a valoración das razóns doutras persoas require admitir a diversidade de respostas ante un mesmo problema. Así mesmo, o estímulo das destrezas orientadas á recompilación e á síntese de información, á transformación da información en coñecemento, ao desenvolvemento das habilidades sociais que permiten o traballo en equipo e a participación favorecen tamén as aprendizaxes posteriores.

Os contidos da educación para a cidadanía potencian tamén o desenvolvemento da competencia básica autonomía e iniciativa persoal, xa que a reflexión sobre as relacións entre intelixencia, sentimentos e emocións, posibilita o coñecemento dun mesmo, o autocontrol e o equilibrio emocional, necesarios para desenvolver un comportamento autónomo. O coñecemento da contribución de distintas teorías éticas facilita a creación dun código moral propio. Por outra banda, os contidos procedementais do currículo atenden especialmente á argumentación, á elaboración de ideas propias, ao estudo de casos que esixan un posicionamento persoal sobre un problema e a procura de posibles solucións. Prevé así mesmo a necesidade de planificar, tomar decisións con criterio propio e asumir a responsabilidade da

## INTRODUCCIÓN.

elección. A formulación de dilemas morais, que caracterizan as materias desta área, contribúe tamén a que as alumnas e os alumnos constrúan un xuízo ético propio baseado nos valores e prácticas democráticas.

O uso sistemático do diálogo e do debate contribúe á competencia en comunicación lingüística. Debater en serio esixe exercitarse na escoita, a exposición e a argumentación e, para iso, é necesario verbalizar os conceptos, facer explícitas as ideas, formar os xuízos e estruturalos de forma coherente.

A necesidade de buscar, obter, analizar, sintetizar e relacionar a información procedente de distintas fontes, comprendela e integrala para producir coñecemento, comunicala, facer inferencias e deducións son procedementos que contribúen tamén a desenvolver a competencia tratamento da información e competencia dixital.

A educación para a cidadanía permite tamén mellorar a competencia cultural e artística, porque o desenvolvemento de habilidades sociais para a convivencia nunha sociedade plural esixe ser quen de apreciar o feito cultural nas súas diversas manifestacións.

Finalmente, ser conscientes da importancia do uso responsable dos recursos naturais, da necesidade de preservar o ambiente, potenciar o consumo responsable e unha forma de vida saudable, son contidos con que desde a educación para a cidadanía é posible contribuír tamén ao desenvolvemento da competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.

## 6.3 CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZADOS

### PRIMEIRO TRIMESTRE

#### Bloque I.

#### Unidade 1: A identidade persoal

##### A) Obxectivos didácticos

- Recoñecer a persoa como suxeito moral e asumir os compoñentes individuais e colectivos na construción da identidade.
- Recoñecer, valorar e respectar a dignidade da persoa.
- Recoñecer a condición humana na súa dimensión individual e social.
- Coñecer a importancia dos axentes de socialización na conformación do individuo.
- Coñecer e expresar os sentimentos e as emocións e desenvolver a afectividade nas relacións coas outras persoas.

##### B) Competencias básicas

- Adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática.
- Desenvolvemento de vínculos persoais baseados nos sentimentos e os valores da convivencia e a participación.
- Contribución ao fomento de habilidades sociais destinadas a mellorar as relacións interpersoais.
- Argumentación, elaboración de ideas propias e estudo de casos que esixan un posicionamento persoal sobre un problema e procura de posibles solucións, favorecendo a autonomía e iniciativa persoal.
- Busca, obtención, análise, síntese e relación de información procedente de distintas

fontes (audiovisuais, textos, viñetas, imaxes, TIC...).

### C) Contidos

- Introducción
  1. A filosofía moral.
- A acción.
  1. Tipos de accións.
  2. A acción humana.
- A liberdade.
- A responsabilidade.
- A persoa.
  1. A idea de persoa.
  2. Dimensións da persoa.
  3. O proceso de socialización.
- A identidade persoal.
  1. Somos afectivos.
  2. Somos racionais.
  3. Somos sociais.

### D) Criterios de avaliación

- Identifica os eixes sobre os que se constrúe a identidade persoal.
- Recoñece a importancia das outras persoas na construción da propia identidade.
- Valora a importancia das outras persoas para a construción da propia identidade, toma conciencia dos vínculos que están na base da convivencia e inicia a construción dun código de conduta autónomo, a partir do recoñecemento da propia identidade e do respecto e tolerancia polas diferenzas persoais e sociais.
- Diferencia os trazos básicos que caracterizan a dimensión moral das persoas.
- Diferencia os axentes de socialización que inflúen na conformación do individuo.
- Practica o diálogo para evitar e superar os conflitos nas relacións entre iguais e nas relacións interxeracionais.
- Utiliza diferentes fontes de información e considera as distintas posicións e alternativas existentes nos debates que se formulen sobre problemas e situacións de carácter local ou global.

### **Unidade 2:** O comportamento moral e a convivencia social

#### A) Obxectivos didácticos

- Recoñecer a persoa como suxeito moral.
- Recoñecer a importancia dos valores e normas morais.
- Asumir os compoñentes individuais e colectivos na construción da identidade e o comportamento moral.

## INTRODUCCIÓN.

- Asumir responsabilidades, individuais e colectivas, no exercicio da liberdade e na toma de decisións morais.
- Recoñecer as dúas actitudes básicas respecto da nosa conduta ética: o egoísmo e o altruísmo.
- Recoñecer a importancia dos valores e normas morais na conformación da personalidade.
- Asumir responsabilidades, individuais e colectivas, no exercicio da liberdade e na toma de decisións morais.
- Elaboración de argumentos para a participación en reflexións e debates sobre temas previamente pactados, con intervencións que sigan as pautas de respecto e normas moderadoras. Elaboración de conclusións.
- Identificar problemas éticos xerados desde diversas posicións morais e propoñer estratexias para a súa resolución.

### B) Competencias básicas

- Adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática.
- Reforzo da autonomía, a autoestima e a identidade persoal; toma de conciencia e expresión dos propios pensamentos, valores, sentimentos e accións.
- Identificación e reflexión crítica sobre os valores do contorno e ter como referente ético común os valores democráticos.
- Impulso de vínculos persoais baseados nos sentimentos e os valores da convivencia e a participación, que contribúa a fomentar habilidades sociais destinadas a mellorar as relacións interpersoais.
- Práctica do diálogo para afrontar e resolver as situacións de conflito mediante procedementos non violentos.
- Recoñecemento das propias capacidades e carencias e fomentar habilidades para sacar proveito das primeiras e superar as segundas.
- Coñecemento da contribución de distintas condutas éticas que faciliten a creación dun código moral propio.
- Reflexión sobre as relacións entre intelixencia, sentimentos e emocións que posibilita o coñecemento dun mesmo, o autocontrol e o equilibrio emocional, necesarios para desenvolver un comportamento autónomo.
- Argumentación, elaboración de ideas propias e estudo de casos que esixan un posicionamento persoal sobre un problema e procura de posibles solucións, favorecendo a autonomía e iniciativa persoal.
- Busca, obtención, análise, síntese e relación de información procedente de distintas fontes (audiovisuais, textos, viñetas, imaxes, TIC...).

### C) Contidos

- Os saberes prácticos.

- Os materiais morais.
  1. Os valores
- Os valores morais.
- As normas.
  1. As normas morais.
- Autonomía e heteronomía.
  1. O desenvolvemento moral no neno.
  2. O proceso de maduración moral.
- Valores e actitudes.
- Dignidade e dereitos.

**D) Criterios de avaliación**

- Identifica os eixes sobre os que se constrúe a identidade persoal.
- Valora a importancia das outras persoas para a construción da propia identidade, toma conciencia dos vínculos que están na base da convivencia e inicia a construción dun código de conduta autónomo, a partir do recoñecemento da propia identidade e do respecto e tolerancia polas diferenzas persoais e sociais.
- Diferencia os trazos básicos que caracterizan a dimensión moral das persoas.
- Practica o diálogo para evitar e superar os conflitos nas relacións entre iguais e nas relacións interxeracionais.
- Utiliza diferentes fontes de información e considera as distintas posicións e alternativas existentes nos debates que se formulen sobre problemas e situacións de carácter local ou global.
- Identifica os distintos trazos que caracterizan a dimensión moral das persoas, aqueles que condicionan o comportamento humano (as normas, a xerarquía de valores, os costumes, etc.) e recoñece distintos paradigmas de valoración na orixe dos dilemas morais que se formulan no mundo actual.
- Identifica problemas éticos xerados desde diversas posicións morais e propón estratexias para a súa resolución.
- Xustifica as propias posicións utilizando sistematicamente a argumentación e o diálogo e participa de forma democrática e cooperativa nas actividades do centro e do contorno.

**SEGUNDO TRIMESTRE**

**Bloque II.**

**Unidade 1: As teorías éticas**

**A) Obxectivos didácticos**

- Coñecer as principais teorías éticas que máis teñen contribuído á conquista de dereitos e liberdades, desde a perspectiva da felicidade e a perspectiva da xustiza: relativismo, escepticismo.
- Analizar os elementos individuais e do contexto sociocultural que poden condicionar

## INTRODUCCIÓN.

os diferentes sistemas de valores.

### B) Competencias básicas

- Coñecemento de distintas teorías éticas, que faciliten a creación dun código moral propio.
- Formulación de dilemas morais que contribúen a que as alumnas e os alumnos constrúan un xuízo ético propio baseado nos valores e prácticas democráticas.
- Contribución á dimensión ética da competencia social e cidadá ao favorecer a identificación e reflexión crítica sobre os valores do contorno e ao ofrecer como referente ético común os valores democráticos.
- Argumentación, elaboración de ideas propias e estudo de casos que esixan un posicionamento persoal sobre un problema e procura de posibles solucións, favorecendo a autonomía e iniciativa persoal.
- Busca, obtención, análise, síntese e relación de información procedente de distintas fontes (audiovisuais, textos, viñetas, imaxes, TIC...).

### C) Contidos

- Que é unha teoría ética?
- As éticas materiais ou dos fins.
  1. O intelectualismo de Sócrates.
  2. O eudemonismo de Aristóteles.
  3. O hedonismo de Epicuro.
  4. O emotivismo de David Hume.
  5. O utilitarismo de John Stuart Mill.
- As éticas formais ou do deber.
  1. O estoicismo de Zenón.
  2. O iusnaturalismo de Tomás Aquino.
  3. O formalismo de Immanuel Kant.
  4. O existencialismo de Jean-Paul Sartre.
  5. A dialóxica de Jürgen Habermas.

### D) Criterios de avaliación

- Identifica e explica axeitadamente as principais teorías éticas.
- Valora as principais teorías éticas como contribucións á creación dun código moral propio.
- É capaz de enxuizar, a partir das teorías estudadas, determinadas condutas e situacións da súa vida cotiá.
- Desenvolve habilidades sociais de respecto e tolerancia e utiliza de forma sistemática o diálogo como instrumento para evitar e resolver os conflitos nas relacións interxeracionais e entre iguais, rexeitando calquera tipo de violencia.



- Participa, de modo democrático e cooperativo, en todas as actividades programadas tanto na aula como fóra dela, e en xeral na vida do centro e do contorno como preparación para o exercicio dunha cidadanía activa.

### **Unidade 2: Os dereitos humanos**

#### **A) Obxectivos didácticos**

- Coñecer a historia dos dereitos humanos.
- Identificar as principais etapas dos dereitos humanos e valoración das novas reivindicacións (terceira xeración de dereitos).
- Valorar o proceso de recoñecemento e proclamación dos dereitos humanos como unha conquista histórica inacabada.
- Recoñecer a moralidade, o dereito e a política como fudamentos dos dereitos humanos.
- Coñecer a xustificación ética dos dereitos humanos: a xustificación teolóxica, a xustificación racional e a xustificación historicista.
- Recoñecer a igualdade das persoas en dignidade e dereitos, identificar e condenar situacións de violacións dos dereitos humanos e coñecer os recursos para denunciar e combater a violación dos dereitos.

#### **B) Competencias básicas**

- Identificación e reflexión crítica sobre os valores do contorno e asunción dos valores que sustentan a Declaración universal dos dereitos humanos como referente ético, contribuíndo á dimensión ética da competencia social e cidadá.
- Coñecemento da evolución histórica dos dereitos humanos e achegamento á pluralidade social, proporcionando instrumentos para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos e liberdades e asumir as responsabilidades e deberes cívicos.
- Argumentación, elaboración de ideas propias e estudo de casos que esixan un posicionamento persoal sobre un problema e procura de posibles solucións, favorecendo a autonomía e iniciativa persoal.
- Busca, obtención, análise, síntese e relación de información procedente de distintas fontes (audiovisuais, textos, viñetas, imaxes, TIC...).

#### **C) Contidos**

- Os Dereitos Humanos.
- Historia dos Dereitos Humanos.
- Declaración Universal de Dereitos.
- Os Dereitos das Mulleres.
- Os Dereitos dos Nenos.
- A violación dos Dereitos Humanos.
  1. Dereitos dos refuxiados.
  2. Dereitos dos indíxenas.

## INTRODUCCIÓN.

- A loita polos Dereitos Humanos.
  1. Alto comisionado de Nacións Unidas.

### D) Criterios de avaliación

- Identifica os principios básicos dos dereitos humanos e a súa evolución histórica.
- Recoñece e distingue a dimensión ética, xurídica e política dos dereitos humanos.
- Valorar os dereitos humanos como principal referencia ética, en tanto que esixencia mínima de xustiza, manifestando actitudes a favor do exercicio activo e o respecto destes.
- Identifica a evolución dos dereitos cívicos, políticos, económicos, sociais e culturais e avalía novas reivindicacións en materia de dereitos humanos.

## TERCEIRO TRIMESTRE

### Bloque III.

#### Unidade 1: Democracia e participación

##### A) Obxectivos didácticos

- Conceptualizar a noción de democracia.
- Identificar os principios básicos da democracia e do Estado de dereito e a súa evolución.
- Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar de acordo con eles nos diferentes ámbitos da convivencia.
- Identificar a liberdade, a xustiza e a igualdade como valores en que se fundamenta a democracia. Valorar a democracia como conquista ética.

##### B) Competencias básicas

- Adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática.
- Coñecemento dos fundamentos e modos de organización dos estados e das sociedades democráticos e evolución histórica do concepto de democracia, proporcionanlle ao alumnado instrumentos para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos e liberdades e asumir as responsabilidades e deberes cívicos.
- Adquisición de destrezas orientadas á recompilación e á síntese de información, á transformación da información en coñecemento, ao desenvolvemento das habilidades sociais que permiten o traballo en equipo e a participación, que favorezan aprendizaxes posteriores.
- Argumentación, elaboración de ideas propias, estudo de casos que esixan un posicionamento persoal sobre un problema e procura de posibles solucións.
- Busca, obtención, análise, síntese e relación de información procedente de distintas fontes (audiovisuais, textos, viñetas, imaxes, TIC...).

##### C) Contidos

- A sociedade e as súas normas.
- A autoridade política.
  1. Legalidade fronte a lexitimidade.
  2. Tres formas de lexitimidade.
- A convivencia social.
  1. Distintos tipos de sociedade.
  2. Rol social e status social.
- A convivencia política.
  1. Características do Estado.
  2. As sociedades con Estado.
- O sistema democrático.
  1. Historia da democracia.
  2. Funcionamento da democracia.
  3. O Estado Social de Dereito.

### D) Criterios de avaliación

- Comprende e expresa o significado histórico e filosófico da democracia como forma de convivencia social e política e identifica os valores e principios morais en que se sustenta.
- Identifica os principios básicos da democracia e do Estado de dereito e a súa evolución.
- Documentase debidamente utilizando distintas fontes de información e é quen de analízalas e sintetizar a información para presentar as súas opinións de forma rigorosa, argumentando debidamente.
- Participa, de modo democrático e cooperativo, en todas as actividades programadas tanto na aula como fóra dela, e en xeral na vida do centro e do contorno como preparación para o exercicio dunha cidadanía activa.

### Unidade 2: A noción de cidadanía

#### A) Obxectivos didácticos

- Conceptualización da noción de cidadanía.
- Valorar a importancia da participación cidadá para o funcionamento das institucións democráticas.
- Identificar a evolución dos dereitos cívicos, políticos, económicos, sociais e culturais e avaliar as novas reivindicacións en materia de dereitos humanos.
- Coñecer a historia da loita pola liberdade e os dereitos dos individuos. Valorar o proceso histórico que vai dende as revolucións burguesas do XVIII ata a actualidade.
- Recoñecemento do Estado democrático de dereito como marco formal para a realización dos ideais éticos.
- Conceptualizar a noción de democracia.

## INTRODUCCIÓN.

- Identificar os principios básicos da democracia e do Estado de dereito e a súa evolución.
- Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar de acordo con eles nos diferentes ámbitos da convivencia.
- Identificar a liberdade, a xustiza e a igualdade como valores en que se fundamenta a democracia. Valorar a democracia como conquista ética.
- Adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática.
- Coñecemento dos fundamentos e modos de organización dos estados e das sociedades democráticos e evolución histórica do concepto de democracia, proporcionanlle ao alumnado instrumentos para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos e liberdades e asumir as responsabilidades e deberes cívicos.
- Adquisición de destrezas orientadas á recompilación e á síntese de información, á transformación da información en coñecemento, ao desenvolvemento das habilidades sociais que permiten o traballo en equipo e a participación, que favorezan aprendizaxes posteriores.
- Argumentación, elaboración de ideas propias, estudo de casos que esixan un posicionamento persoal sobre un problema e procura de posibles solucións.
- Busca, obtención, análise, síntese e relación de información procedente de distintas fontes (audiovisuais, textos, viñetas, imaxes, TIC...).

### B) Competencias básicas

- Achega de instrumentos para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos e liberdades e asumir as responsabilidades e deberes cívicos.
- Atención á argumentación, elaboración de ideas propias, estudo de casos que esixan un posicionamento persoal sobre un problema e a procura de posibles solucións.
- Coñecer as diversas formas de participación política, desenvolver habilidades dialóxicas orientadas á participación democrática e valorar a importancia da participación cidadá ben sexa na vida política institucionalizada ou noutras formas de participación.
- Busca, obtención, análise, síntese e relación de información procedente de distintas fontes (audiovisuais, textos, viñetas, imaxes, TIC...).

### C) Contidos

- Historia da cidadanía.
- A idea de cidadanía.
- Os distintos tipos de cidadanía.
  1. A cidadanía política
  2. A cidadanía social.

3. A cidadanía económica.
  4. A cidadanía civil.
  5. A cidadanía intercultural.
  6. A cidadanía cosmopolita.
- Teoría e práctica da cidadanía.
    1. Cidadanía, democracia e DDHH.
    2. A ética dos cidadáns.
    3. Os retos da cidadanía.

#### D) Criterios de avaliación

- Coñece e reflexiona sobre a orixe histórica do concepto de cidadanía.
- Valora, de forma argumentada, a importancia da participación cidadá para o funcionamento das institucións democráticas e da formación da opinión, de acordo con algún tipo de deliberación, para unha participación responsable.
- Documentase debidamente utilizando distintas fontes de información e é quen de analízalas e sintetizar a información para presentar as súas opinións de forma rigorosa, argumentando debidamente.
- Comprende e expresa o significado histórico e filosófico da democracia como forma de convivencia social e política e identifica os valores e principios morais en que se sustenta.
- Identifica os principios básicos da democracia e do Estado de dereito e a súa evolución.
- Documentase debidamente utilizando distintas fontes de información e é quen de analízalas e sintetizar a información para presentar as súas opinións de forma rigorosa, argumentando debidamente.
- Participa, de modo democrático e cooperativo, en todas as actividades programadas tanto na aula como fóra dela, e en xeral na vida do centro e do contorno como preparación para o exercicio dunha cidadanía activa.

## **6.4 PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

Consistirá nun cuestionario inicial, imaxe, audiovisual ou texto no que a partir de un conxunto de preguntas se pretende ir introducindo o alumnado no tema a tratar. O que buscamos é máis a implicación do alumnado que a avaliación de contidos. Tratarase, na maior parte dos casos, de interrogantes que pretenden facelos reflexionar acerca das súas propias ideas, actitudes e comportamentos, de forma que nos permita coñecer de onde partimos e iniciar unha máis ampla reflexión filosófica.

## **6.5 CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Aos que aparecen nos diferentes apartados da programación de aula, haberá que engadir

- A puntualidade e a asidua asistencia ás clases, así como a regular participación nas actividades escolares que o departamento organice.
- A participación no traballo de colaboración: Comprende o trato solidario, o respecto ás persoas e a potenciación da integración e a participación dos colaboradores.

## INTRODUCCIÓN.

- A debida atención ás explicacións do profesor/a. Considerarase unha falta grave a deliberada e continuada alteración do ritmo da clase.
- O cumprimento dos prazos de presentación das actividades propostas.
- A participación na Aula Virtual e no espazo Abalar.

### 6.6 CONTIDOS MÍNIMOS

Son os expresados nos diferentes apartados de conceptos dos contidos secuenciados e temporalizados.

### 6.7 SISTEMA DE PUNTUACIÓN.

1. Caderno de clase, traballos sobre lecturas complementarias e investigación : diariamente se traerá o caderno. As actividades realizaranse en casa e ocasionalmente en clase. É condición necesaria aínda que non suficiente elaborar estes traballos e participar na aula virtual para superar as diferentes avaliacións: 30%.
2. Exames: 60%.
3. Na cualificación das probas escritas ou traballos valoraranse positivamente os seguintes aspectos.
  - a) Adecuación pregunta-resposta
  - b) Corrección formal e ortográfica: as faltas de ortografía ou gramaticais descontarán 0,1 puntos ata un máximo de un punto.
  - c) Capacidade de síntese
  - d) Capacidade de definición
  - e) Capacidade de argumentación e razoamento
4. Actitude, atención, participación, asistencia, regularidade, interese: 10%. Por defecto se les da a los alumnos la máxima cualificación de 10 puntos dos que se irán descontando o valor dos conceptos de actitude segundo o seguinte criterios:

5. Amoestación escrita ou expulsión	6. -10
7. Amoestación verbal	8. -5
9. Negativo	10. -2
11. Positivo	12. +2
13. Falta inxustificada	14. -3
15. Retraso	16. -2

17. No caso de non presentar os traballos de investigación ou o caderno de clase o alumno deberá realizar os exames de contidos mínimos establecidos no sistema extraordinario de avaliación.

### 6.8 CONTRIBUCIÓN O PLAN LECTOR

Obras de lectura para este curso

Savater, Fernando; Ética para Amador. Ariel. 8,65 €

## 7 FILOSOFÍA E CIDADANÍA

A materia de bacharelato Filosofía e cidadanía configúrase cunha dobre formulación: por un lado, pretender ser unha introdución á filosofía e á reflexión filosófica; polo outro, e continuando o estudo da cidadanía exposto na etapa obrigatoria, pretende retomar o que é a cidadanía e reflexionar sobre a súa fundamentación filosófica.

Mais a conxunción deste dobre propósito non debe ser interpretada como unha incoherencia ou perigo de escisión dentro dos contidos desta materia, senón máis ben ao contrario, pois a profundización na dimensión ética do concepto de cidadanía e a necesidade de clarificar as súas bases e proxeccións filosóficas remítennos dunha maneira natural á clarificación do concepto mesmo de filosofía e das súas funcións e problemas básicos.

A filosofía é unha actividade reflexiva e crítica que, a partir das achegas das ciencias e doutras disciplinas, pretende realizar unha síntese global acerca do que é o home, o coñecemento, a conduta axeitada e a vida social e política. Tras un primeiro contacto coas formulacións éticas na etapa anterior, é no bacharelato cando os alumnos inician unha aproximación sistemática á filosofía; de aí que sexa preciso comezar a materia polo estudo do que constitúe a reflexión filosófica e o seu método de traballo. Agora ben, esta clarificación do papel e das funcións da filosofía remite, á súa vez, a unha certa investigación antropolóxica previa, dende a cal, e a partir da cal, se comprende a necesidade humana de filosofar.

Partindo da análise dos distintos tipos de coñecemento e da especificidade do coñecemento científico, trátase de que o alumno descubra o papel e o lugar da filosofía no conxunto do saber, identificando igualmente as súas peculiaridades e diferenzas en relación coa ciencia. O estudo dos tipos de actividade filosófica, da racionalidade teórica e da racionalidade práctica, leva a considerar as principais preguntas que, ao longo da historia, se ten formulado a filosofía, chegando pouco a pouco a aquelas máis próximas á vida en común dos cidadáns, obxecto da segunda parte da materia. A ordenación lineal coa que se presenta a secuencia destes contidos —dende o núcleo temático segundo ata o final— responde a este enfoque con independencia de que o tratamento e distribución didáctica nas aulas se leve a cabo por esta orde ou non.

Por iso, tras a enumeración dos procedementos comúns que se deben tratar ao longo de todos os temas, o primeiro núcleo temático analiza a caracterización do saber filosófico, distinguíndoo doutros tipos de saber e analizando as relacións e diferenzas que mantén coa ciencia.

O estudo das dúas grandes dimensións da racionalidade, a súa vertente teórica e a súa vertente práctica, deixa paso á consideración dos problemas e preguntas fundamentais que se ten formulada a filosofía ao longo da súa historia. Búscase con iso proporcionar aos alumnos e alumnas unha visión global do que representan os distintos saberes e crenzas, así como unha visión integrada do quefacer filosófico, abordando de xeito global todos os problemas filosóficos de forma que sexa posible asimilar o que supuxo ata agora a filosofía como saber acerca da totalidade da experiencia humana.

Tras esta breve aproximación ao que é o saber filosófico, expónse o estudo das distintas dimensións do ser humano, a biolóxica, a sociocultural e a simbólica, abrindo paso á consideración das distintas antropoloxías, as diferentes concepcións filosóficas do ser humano levadas a cabo ao longo da historia do pensamento.

Unha vez tratado o que é o saber filosófico e as distintas concepcións do ser humano, ábrese paso a fundamentación da cidadanía, a segunda parte da materia. Así, culmínase a proposta de Educación para a cidadanía que os alumnos desenvolveron ao longo da educación obrigatoria. Durante tres cursos os alumnos puideron estudar, analizar e reflexionar sobre algunha das características máis importantes da vida en común e das sociedades democráticas, sobre os principios e dereitos establecido na Constitución española e nas Declaracións dos Dereitos Humanos, así como sobre os valores comúns que constitúen o

## FILOSOFÍA E CIDADANÍA

substrato da cidadanía democrática nun contexto global.

Continuando coa reflexión iniciada no último curso da Educación Secundaria Obrigatoria, trátase agora de que os alumnos poidan razoar e afondar conceptualmente nas bases que constitúen a sociedade democrática, analizando as súas orixes ao longo da historia, a súa evolución nas sociedades modernas e a fundamentación racional e filosófica dos dereitos humanos.

Esta reflexión filosófica sobre a cidadanía debe, polo tanto, ter unha orientación interdisciplinar para poder describir e fundamentar axeitadamente os roles do oficio de cidadán e as dimensións fundamentais da cidadanía; por iso, partindo das achegas da antropoloxía filosófica e cultural, vistas na primeira parte, incorporará tamén as teorías éticas, as achegas da socioloxía, das ciencias económicas e das teorías políticas que teñen a súa orixe no individualismo, o liberalismo, o socialismo, o colectivismo e o personalismo.

Así, as bases psicolóxicas, sociolóxicas, legais e morais sobre as que se constitúe a vida en común dan paso ao estudo dos distintos tipos de vida en sociedade e, a partir de aí, da aparición do Estado, das súas formas e das características que definen o Estado democrático e do dereito. A orixe e lexitimación do poder e da autoridade, as distintas teorías acerca de xustiza, os problemas derivados da globalización e mundialización pechan os temas obxecto de estudo na materia.

A extensión dos valores e exposición do que é a cidadanía a todos os ámbitos e actividades do centro escolar segue sendo un dos aspectos característicos da materia; por iso, lonxe de tratarse unha materia puramente teórica, debe exporse dende una dimensión globalizadora e práctica, tentando estender á vida diaria dos centro o concepto de cidadanía e o exercicio práctico da democracia, estimulando a participación e o compromiso para que os alumnos se exerciten como cidadáns responsables tanto no centro coma no entorno social.

Culminación das ensinanzas de Educación para a cidadanía, Filosofía e cidadanía prepara ao alumnado para o estudo en profundidade da problemática filosófica que se presenta en Historia da filosofía. A materia ten, polo tanto, un dobre carácter, terminal e propedéutico. Terminal porque culmina o proceso de educación para a cidadanía. Propedéutico porque ofrece por primeira vez un catálogo de problemas filosóficos básicos nos que se afondará; e esta iniciación deberá preparar para un posterior desenvolvemento en maior amplitude e profundidade —e en perspectiva diacrónica— destas e doutras problemáticas filosóficas, tal como se propón na materia de historia da filosofía do curso seguinte. O equilibrio entre estas dúas finalidades deberá ser preservado nos desenvolvementos didácticos concretos que se fagan nas aulas e non decantar exclusivamente cara un dos lados.

### **7.1 OBXECTIVOS XERAIS**

A ensinanza da Filosofía e cidadanía no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- I. Identificar e apreciar o sentido dos problemas filosóficos e empregar con propiedade e rigor os novos conceptos e termos asimilados para a análise e a discusión.
- II. Adoptar unha actitude crítica e reflexiva ante as cuestións teóricas e prácticas, fundamentando axeitadamente as ideas.
- III. Argumentar de xeito coherente o propio pensamento de forma oral e escrita, contrastándoo con outras posicións e argumentacións.
- IV. Practicar e valorar o diálogo filosófico como proceso de encontro racional e busca colectiva da verdade.
- V. Coñecer e identificar as características específicas do ser humano e das dimensións que o configuran, analizando a súa xénese evolutiva e as tensións que xeran: dialéctica natureza/cultura e individuo/sociedade.



- VI. Comprender e analizar a forma específica de categorización e relación lingüístico-simbólica que os suxeitos humanos establecen co mundo e cos semellantes.
- VII. Distinguir a dobre dimensión teórica e práctica da filosofía, e comprender as grandes preguntas e problemas filosóficos xerados a partir desta dobre dimensión.
- VIII. Analizar e comprender os fundamentos da acción moral, valorando a autonomía moral como meta ineludible dunha conduta madura e responsable.
- IX. Coñecer, analizar e valorar os enfoques das teorías éticas fronte á dobre aspiración de felicidade e xustiza na sociedade actual, facendo especial énfase nos esforzos de conciliación de ámbalas dúas aspiracións.
- X. Comprender as conexións entre moral, dereito e política, partindo da análise do concepto de cidadanía e da súa xénese histórica.
- XI. Analizar os novos retos da democracia no mundo globalizado actual.
- XII. Analizar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna coma no seu contexto histórico, identificando los problemas que expoñen, así como los argumentos e solucións propostas, elaborando composicións e traballos escritos sobre os mesmos.
- XIII. Utilizar procedementos básicos para o traballo intelectual e o traballo autónomo: busca e selección de información, contraste, análise, síntese e avaliación crítica da mesma, promovendo o rigor intelectual na exposición dos problemas.
- XIV. Desenvolver unha competencia social e cidadá baseada nunha actitude crítica, autónoma e responsable ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais e ante toda discriminación, xa sexa por sexo, etnia, cultura, crenzas ou outras características individuais e sociais.
- XV. Valorar a capacidade normativa e transformadora da razón para construír unha sociedade máis xusta, na que exista unha verdadeira igualdade de oportunidades.
- XVI. Valorar os intentos por construír unha sociedade mundial baseada no cumprimento dos dereitos humanos, na convivencia pacífica e na defensa da natureza.
- XVII. Consolidar a competencia social e cidadá fundamentando teoricamente o seu sentido, valor e necesidade para exercer unha cidadanía democrática.
- XVIII. Desenvolver competencia lectora e hábitos de traballo intelectual.
- XIX. Desenvolver unha conciencia cívica, crítica e autónoma, inspirada nos dereitos humanos e comprometida coa construción dunha sociedade democrática, xusta e equitativa e coa defensa da natureza, desenvolvendo actitudes de solidariedade e participación na vida comunitaria.

## **7.2 CONTIDOS SECUENCIADOS E TEMPORALIZADOS**

### **PRIMEIRO TRIMESTRE**

- 1. O saber filosófico
  - 1.1. Tempo aproximado: Dúas semanas.
  - 1.2. Interdisciplinabilidade: Historia da Filosofía, Historia da Arte, Ciencias para o Mundo Contemporáneo, Historia do Mundo Contemporáneo, Lingua e Literatura, Grego.
  - 1.3. Obxectivos
    - a) Recoñecer a importancia do mito na aparición da filosofía.
    - b) Coñecer e valorar o carácter universalista e interdisciplinario da filosofía.
    - c) Identificar e apreciar o sentido dos problemas filosóficos que se trataron ao longo da historia.
    - d) Empregar con propiedade e rigor os novos conceptos e termos asimilados para a análise e a discusión acerca do sentido e a vixencia da filosofía.
    - e) Recoñecer a dificultade das mulleres para acceder á cultura e, en consecuencia, valorar a

## FILOSOFÍA E CIDADANÍA

súa contribución á filosofía ao longo da historia.

- f) Analizar criticamente os problemas implícitos na práctica filosófica.
- g) Valorar a función da filosofía como forma crítica de abordar os problemas.
- h) Analizar e comentar textos filosóficos acerca da especificidade e a utilidade da filosofía.
- i) Utilizar procedementos básicos para o traballo intelectual, como a busca e a selección da información.
- j) Iniciarse no procedemento da disertación filosófica.

### 1.4. Ensinanzas transversais

- a) Educación moral e cívica: reflexionar acerca do coñecemento filosófico e do seu valor no mundo actual. Atender ao interese que ten posuirl sentido crítico.
- b) Educación sexual: recoñecer que a equiparación de dereitos entre os dous sexos favoreceu o acceso da muller á cultura, en xeral, e á filosofía en concreto.

### 1.5. Contidos

#### a) Conceptos

- O ámbito do saber: fontes do saber e formas de saber.
- Filosofía, ciencia e outros modos de saber.
- A orixe da filosofía. O coñecemento mitolóxico. O paso do mito ao logos.
- Especificidade do saber filosófico. Definición e caracterización da filosofía. Distinción filosofía e ciencia. Distinción filosofía e relixión. As ramas da filosofía.
- Características do saber filosófico.
- Os métodos filosóficos.
- A filosofía e a súa historia. Grandes períodos da filosofía. A contribución da muller á filosofía.

#### b) Procedementos

- Análise e comentario de textos filosóficos, empregando con propiedade e rigor os correspondentes termos e conceptos.
- A disertación filosófica.
- Busca e tratamento da información en distintos soportes, tanto tradicionais coma das novas tecnoloxías.

#### c) Actitudes

- Valoración da actitude crítica.
- Valoración do carácter universalista e interdisciplinario da filosofía.
- Reflexión acerca do coñecemento filosófico e do seu valor no mundo actual.
- Recoñecemento de que a equiparación de dereitos entre os dous sexos favoreceu o acceso da muller á cultura, en xeral, e á filosofía en concreto.

#### d) Actividades

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

---

- Presentación da unidade: ler o texto narrativo inicial, reflexionar sobre o tema e a problemática que suxire.
- Ler os distintos apartados da unidade didáctica, extraer as ideas importantes e realizar unha copia de apuntamentos.
- Ler textos de distinta época e temática, e resolver as cuestións relacionadas co contido.
- Elaborar cadros comparativos e esquemas sobre os principais conceptos da unidade.
- Compoñer textos propios nos que se exprese a propia opinión de xeito argumentado, acerca das problemáticas xurdidas na unidade.
- Buscar información sobre os temas expostos na unidade nos distintos medios de consulta, incluíndo as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Levar a cabo disertacións filosóficas sobre o valor da filosofía e por que debe ser estudada.
- Analizar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna coma no seu contexto histórico, identificando os problemas que expoñen, así como os argumentos e as solucións propostas.
- Ler e analizar o esquema gráfico que sintetiza os principais conceptos da unidade e as súas relacións.
- Resolver as actividades de síntese da unidade.

### 1.6. Criterios de avaliación

- a) Recoñecer e explicar con precisión e rigor a especificidade da filosofía distinguíndoa doutros saberes ou modos de explicación da realidade, diferenciando a súa vertente teórica e práctica, centrándose nas preguntas e os problemas fundamentais.
- b) Compoñer textos propios que integren as diversas perspectivas e permitan avanzar na formación dun pensamento autónomo.
- c) Obter información relevante a través de diversas fontes, elaborala, contrastala e utilízala criticamente na análise de problemas filosóficos.

### 1.7. Actividades de avaliación

- a) Redactar unha definición persoal de filosofía.
- b) Completar oracións acerca da especificidade da filosofía respecto doutras formas de saber.
- c) Recoñecer e caracterizar distintas correntes filosóficas.
- d) Analizar e comentar textos filosóficos.
- e) Responder un test sobre os contidos da unidade.
- f) Compoñer un texto persoal sobre a vixencia da filosofía.

## 2. O saber científico

2.1. Tempo aproximado: Dúas semanas.

2.2. Interdisciplinariedade: Historia da Filosofía, Ciencias para o Mundo Contemporáneo, Ciencias da Terra e Ambientais, Bioloxía e Xeoloxía, Física, Física e Química, Matemáticas, Anatomía, Tecnoloxía Industrial.

## FILOSOFÍA E CIDADANÍA

### 2.3. Obxectivos

- a) Recoñecer as características propias das ciencias formais e das empíricas.
- b) Coñecer as peculiaridades do discurso científico para establecer un criterio de demarcación que permita distinguir a ciencia da pseudociencia.
- c) Comprender e empregar con propiedade e rigor os novos conceptos e termos da filosofía da ciencia.
- d) Entender as características do coñecemento e a metodoloxía científicos.
- e) Adoptar unha actitude crítica e reflexiva ante as limitacións, a provisionalidade e a revisabilidade da ciencia.
- f) Entender que o coñecemento científico non é, polo que se refire ao seu desenvolvemento, completamente neutro, senón que está determinado por intereses sociais e doutros tipos.
- g) Identificar e apreciar o sentido dos problemas filosóficos como o alcance da tecnociencia e o seu papel na sociedade.
- h) Reflexionar sobre as repercusións de todo tipo (sociais, económicas, ambientais, éticas...) que comporta o desenvolvemento científico.

### 2.4. Ensinanzas transversais

- a) Educación ambiental: adoptar unha actitude reflexiva e crítica respecto ao desenvolvemento e avance científico.
- b) Educación moral e cívica: concienciarse da dimensión social da ciencia e recoñecer as repercusións (éticas, económicas, sociais e ambientais) da ciencia.

### 2.5. Contidos

- a) Conceptos
  - A orixe do coñecemento científico.
  - Clasificación das ciencias.
  - O método das ciencias
    - Ciencias formais.
    - Ciencias naturais.
    - Ciencias sociais.
  - A dimensión social da ciencia. A institucionalización da ciencia. A tecnociencia e as súas repercusións.
- b) Procedementos
  - Análise e comentario de textos filosóficos.
  - Definición de termos básicos sobre a linguaxe da ciencia e o método científico.
  - O simposio.
  - A disertación filosófica.
- c) Actitudes

- Recoñecemento do carácter provisional e limitado da ciencia.
- Adopción dunha actitude crítica e reflexiva ante o avance da ciencia.
- Actitude crítica ante os intereses sociais e económicos que inflúen no desenvolvemento científico.
- Toma de conciencia da dimensión social da ciencia e recoñecemento das súas repercusións éticas, económicas, sociais e ambientais.

### d) Actividades

- Presentación da unidade: ler o texto narrativo inicial, reflexionar sobre o tema e a problemática que suxire.
- Ler os distintos apartados da unidade didáctica, extraer as ideas importantes e realizar unha copia de apuntamentos.
- Ler textos de distinta época e temática, e resolver as cuestións relacionadas co contido.
- Determinar que tipo de explicación (dedutiva, probabilística, teleolóxica ou xenética) lle convén a unha serie de cuestións.
- Compoñer textos propios nos que expresar a propia opinión de xeito argumentado, acerca das problemáticas xurdidas na unidade.
- Buscar información sobre os temas expostos na unidade nos distintos medios de consulta, incluíndo as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Ver e comentar unha película sobre a dimensión dunha ciencia aplicada, como a medicina.
- Participar nun simposio no que se analizan as repercusións da ciencia.
- Analizar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna coma no seu contexto histórico, identificando os problemas que expoñen, así como os argumentos e as solucións propostas.
- Ler e analizar o esquema gráfico que sintetiza os principais conceptos da unidade e as súas relacións.
- Resolver as actividades de síntese da unidade.

### 2.6. Criterios de avaliación

- a) Realizar unha análise crítica, elaborando unha reflexión adecuada ao redor do coñecemento científico, o seu método e os seus límites.
- b) Expoñer argumentacións e compoñer textos propios sobre cuestións relativas ao saber científico.
- c) Utilizar e valorar o diálogo como forma de aproximación colectiva á verdade e como proceso interno de construción de aprendizaxes significativas, recoñecendo e practicando os valores intrínsecos do diálogo como o respecto mutuo, a sinceridade, a tolerancia, en definitiva, os valores democráticos.
- d) Obter información relevante a través de diversas fontes, elaborala, contrastala e utilizala criticamente na análise de problemas filosóficos.

### 2.7. Actividades de avaliación

## FILOSOFÍA E CIDADANÍA

- a) Clasificar distintas oracións segundo a que tipo de explicación científica pertencen.
  - b) Diferenciar o método dedutivo e o método indutivo.
  - c) Describir as repercusións da tecnoloxía.
  - d) Expor argumentadamente a propia opinión acerca da dimensión social da ciencia.
  - e) Resumir e comentar a postura defendida nun texto acerca do proceder científico.
  - f) Responder un test sobre os contidos da unidade.
3. A racionalidade teórica: verdade e realidade
- 3.1. Tempo aproximado: Dúas semanas.
  - 3.2. Interdisciplinabilidade: Historia da Filosofía, Ciencias para o Mundo Contemporáneo, Bioloxía e Xeoloxía, Física, Matemáticas, Lingua e Literatura.
  - 3.3. Obxectivos
    - a) Empregar con propiedade e rigor os novos conceptos e termos epistemolóxicos.
    - b) Distinguir o verdadeiro coñecemento da simple crenza ou opinión.
    - c) Establecer diferenzas entre as distintas clases de coñecemento.
    - d) Recoñecer a importancia da linguaxe no proceso de coñecemento.
    - e) Achegarse de forma filosófica ao complexo problema da verdade.
    - f) Ser críticos ante os criterios que deben garantir a verdade.
    - g) Iniciarse na crítica ideolóxica como forma de desenmascarar as valoracións.
    - h) Adoptar unha actitude crítica e reflexiva ante cuestións epistemolóxicas como as distintas posturas sobre a verdade e o coñecemento, fundamentando adecuadamente as ideas.
    - i) Analizar e comentar textos filosóficos sobre cuestións epistemolóxicas, tanto na súa coherencia interna coma no seu contexto histórico, identificando os problemas que expoñen, así como os argumentos e as solucións propostas.
    - j) Valorar e estimular a busca da verdade.
    - k) Concienciarse e asumir que a educación é un dereito que posúen todos os seres humanos.
  - 3.4. Ensinanzas transversais
    - a) Educación para a paz: valorar o consenso e a intersubxectividade como as formas máis eficaces de asegurar a firmeza e a verdade dos nosos coñecementos.
    - b) Educación moral e cívica: tomar conciencia da responsabilidade individual e colectiva ante a busca da verdade. Recoñecer o dereito á educación como un dereito que debe ser respectado universalmente. Adoptar unha actitude crítica ante as posicións extremas, como o dogmatismo e o escepticismo.
  - 3.5. Contidos
    - a) Conceptos
      - O ámbito de racionalidade teórica.

- O mundo perceptual dos seres humanos..
- O mundo conceptual dos seres humanos.
- En que consiste o coñecemento.
- A posibilidade do coñecemento.
- Modelos explicativos do coñecemento.
- Que entendemos por verdade?
- Criterios de verdade.
- Teorías da verdade.
- A pregunta sobre a realidade

### b) Procedementos

- Análise e comentario de textos filosóficos.
- A crítica ideolóxica.
- Uso coherente de termos filosóficos.
- Recoñecemento de prexuízos e valores subxacentes na forma de pensar e actuar.
- Actitudes
- Valoración do consenso e a intersubxectividade como as formas máis eficaces de asegurar a firmeza e a verdade dos coñecementos.
- Toma de conciencia da responsabilidade individual e colectiva na busca da verdade.
- Recoñecemento da educación como un dereito que debe ser respectado universalmente.
- Actitude crítica ante as posicións extremas, como o dogmatismo e o escepticismo.
- Actividades
- Presentación da unidade: ler o texto narrativo inicial, reflexionar sobre o tema e a problemática que suxire.
- Ler os distintos apartados da unidade didáctica, extraer as ideas importantes e realizar unha copia de apuntamentos.
- Ler textos de distinta época e temática, e resolver as cuestións relacionadas co contido.
- Completar oracións e esquemas sobre os distintos usos e significados do concepto de verdade.
- Compoñer textos propios nos que expresar a propia opinión de xeito argumentado, acerca das problemáticas xurdidas na unidade.
- Buscar información sobre os temas expostos na unidade nos distintos medios de consulta, incluíndo as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Levar a cabo unha crítica ideolóxica.
- Completar unha táboa comparativa acerca das distintas actitudes ante a posibilidade e os límites do coñecemento.

## FILOSOFÍA E CIDADANÍA

- Analizar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna coma no seu contexto histórico, identificando os problemas que expoñen, así como os argumentos e as solucións propostas.
- Ler e analizar o esquema gráfico que sintetiza os principais conceptos da unidade e as súas relacións.
- Resolver as actividades de síntese da unidade.

### c) Criterios de avaliación

- Realizar unha análise crítica, elaborando unha reflexión adecuada ao redor dos coñecementos epistemolóxicos adquiridos.
- Adoptar unha actitude crítica e reflexiva ante as distintas posturas sobre a posibilidade e os límites do coñecemento.
- Utilizar e valorar o diálogo como forma de aproximación colectiva á verdade e como proceso interno de construción de aprendizaxes significativas, recoñecendo e practicando os valores intrínsecos do diálogo como o respecto mutuo, a sinceridade, a tolerancia, en definitiva, os valores democráticos.
- Obter información relevante a través de diversas fontes, elaborala, contrastala e utilízala criticamente na análise de problemas filosóficos.

### d) Actividades de avaliación

- Exemplificar distintos conceptos epistemolóxicos.
- Completar a definición das distintas concepcións da verdade.
- Explicar as características da linguaxe humana.
- Clasificar oracións segundo o tipo de proposición ao que se axusta.
- Definir persoalmente o escepticismo e distinguilo do relativismo e o perspectivismo.
- Responder un test sobre os contidos da unidade.

## 4. Lóxica formal e lóxica informal

4.1. Tempo aproximado: Dúas semanas.

4.2. Interdisciplinaria: Historia da Filosofía, Matemáticas, Lingua e Literatura.

4.3. Obxectivos

- a) Comprender e empregar con propiedade termos lóxicos, como razoamento, dedución, indución, tautoloxía, regra de inferencia...
- b) Argumentar de modo coherente o propio pensamento de forma oral e escrita, contrastándoo con outras posicións e argumentacións, e evitando as falacias e os falsos argumentos.
- c) Practicar e valorar o diálogo filosófico e a discusión razoada como proceso de encontro racional e busca colectiva da verdade.
- d) Recoñecer a conexión existente entre a linguaxe natural e as linguaxes formais, e apreciar a utilidade e a necesidade destas últimas en determinados ámbitos.



- e) Asimilar os conceptos e os mecanismos principais da lóxica de enunciados.
- f) Saber probar a validez ou a invalidez dunha inferencia.
- g) Aprender a discutir razoadamente.
- h) Valorar o rigor dos discursos ben construídos desde un punto de vista lóxico.
- i) Ensinanzas transversais
- j) Educación para a paz: aceptar a argumentación como a forma máis eficaz, coherente e tolerante de defender a nosa opinión e avaliar a dos demais.
- k) Educación do consumidor: fomentar unha actitude crítica ante as mensaxes que se valen de falacias para defender determinados intereses.

4.4. Ensinanzas transversais

- a) Educación para a paz: aceptar a argumentación como a forma máis eficaz, coherente e tolerante de defender a nosa opinión e avaliar a dos demais.
- b) Educación do consumidor: fomentar unha actitude crítica ante as mensaxes que se valen de falacias para defender determinados intereses.

4.5. Contidos

a) Conceptos

- O home como animal simbólico.
- A linguaxe humana.
- A lóxica formal. Repaso histórico. Tipos de lóxica formal. A linguaxe da lóxica.
- A lóxica de enunciados. Os enunciados. Os símbolos da lóxica de enunciados. Comprobación da validez dos razoamentos.
- Paradoxos, aporías e antinomías
- A lóxica informal. Obxecto de estudo da lóxica informal. Falacias informais e falsos argumentos.

b) Procedementos

- Formalización de razoamentos sinxelos.
- Identificación de falacias en argumentos e razoamentos propios e alleos.
- Validación de razoamentos mediante táboas de verdade.
- Validación de razoamentos mediante deducións.
- Práctica da discusión razoada.
- Análise e comentario de textos filosóficos breves.

c) Actitudes

- Recoñecemento da argumentación como a forma máis eficaz, coherente e tolerante de defender a nosa opinión e avaliar a dos demais.
- Adopción dunha actitude crítica ante as mensaxes que se valen de falacias para defender determinados intereses.
- Respecto e valoración do rigor nos discursos ben construídos lóxicamente.

## FILOSOFÍA E CIDADANÍA

- Valoración da discusión razoada como o xeito adecuado de intercambiar opinións.
- Actividades
- Presentación da unidade: ler o texto narrativo inicial, reflexionar sobre o tema e a problemática que suxire.
- Ler os distintos apartados da unidade didáctica, extraer as ideas importantes e realizar unha copia de apuntamentos.
- Ler textos de distinta época e temática, e resolver as cuestións relacionadas co contido.
- Identificar as falacias en que incorren unha serie de afirmacións e argumentos.
- Formalizar razoamentos, convertelos nunha fórmula e determinar se son válidos ou non mediante táboas de verdade.
- Formalizar inferencias e demostrar a súa validez mediante táboas de verdade ou deducións.
- Participar nunha discusión razoada.
- Analizar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna coma no seu contexto histórico, identificando os problemas que expoñen, así como os argumentos e as solucións propostas.
- Ler e analizar o esquema gráfico que sintetiza os principais conceptos da unidade e as súas relacións.
- Resolver as actividades de síntese da unidade.

### 4.6. Criterios de avaliación

- a) Razoar con argumentacións ben construídas, evitando caer en falacias e falsos argumentos.
- b) Utilizar e valorar o diálogo como forma de aproximación colectiva á verdade e como proceso interno de construción de aprendizaxes significativas, recoñecendo e practicando os valores intrínsecos do diálogo como o respecto mutuo, a sinceridade, a tolerancia, en definitiva, os valores democráticos.
- c) Obter información relevante a través de diversas fontes, elaborala, contrastala e utilizala criticamente na análise de problemas filosóficos.

### 4.7. Actividades de avaliación

- a) Completar oracións acerca da lóxica e o seu obxecto de estudo.
- b) Relacionar principios lóxicos co nome que reciben.
- c) Ler e reflexionar acerca dun texto no que se expón un paradoxo lóxico.
- d) Explicar que é unha tautoloxía.
- e) Responder un test sobre os contidos da unidade.

## SEGUNDO TRIMESTRE

### 5. Dimensión biolóxica, cultural e persoal

#### 5.1. Tempo aproximado: Dúas semanas.

- 5.2. Interdisciplinariade: Historia da Filosofía, Bioloxía, Anatomía Aplicada, Lingua e Literatura, Economía.
- 5.3. Obxectivos
- Comprender os principios xerais do evolucionismo.
  - Apreciar as diferenzas entre o ser humano e os animais.
  - Analizar os contidos que forman parte da cultura.
  - Comprender e empregar con propiedade expresións como: relativismo, universalismo...
  - Valorar o feito de pertencer á condición humana.
  - Argumentar filosoficamente nun debate sobre a conveniencia ou non da converxencia cultural e o universalismo.
  - Adoptar unha actitude crítica ante posturas como o racismo, a xenofobia...
  - Integrar coñecementos doutras materias, como a Bioloxía e a Historia, na solución de problemas filosóficos.
  - Adoptar unha actitude de respecto das diferenzas e crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais e ante toda discriminación, xa sexa por sexo, etnia, cultura, crenzas ou outras características individuais e sociais.
- 5.4. Ensinanzas transversais
- Educación para a paz: aceptar a argumentación como a forma máis eficaz, coherente e tolerante de defender a nosa opinión e avaliar a dos demais. Coñecer en que consiste a diversidade cultural e aceptala como consecuencia da liberdade humana. Adoptar actitudes de tolerancia e respecto.
  - Educación moral e cívica: reflexionar acerca dos propios valores co fin de identificalos e adoptar unha decisión ou un compromiso con respecto a eles.
- 5.5. Contidos
- Conceptos
    - Evolución. Explicacións preevolucionistas. Explicacións evolucionistas. A evolución no ser humano. A hominización. A linguaxe e a capacidade simbólica.
    - Cultura. A cultura como factor humanizador. Contidos fundamentais da cultura humana. Diversidade cultural. A polémica sobre a posmodernidade. A dinámica da cultura. Tensión natureza-cultura.
    - A persoa. Aproximación á noción de persoa. Trazos da persoa.
  - Procedementos
    - Lectura e análise de breves textos filosóficos.
    - Definición e uso de conceptos filosóficos.
    - O debate.
    - Argumentación filosófica defendendo unha postura concreta sobre a diversidade e o contacto cultural.
    - Análise e comentario de textos filosóficos breves.
  - Actitudes

## FILOSOFÍA E CIDADANÍA

- Valoración da condición humana.
- Rexeitamento de actitudes como o racismo ou a xenofobia.
- Recoñecemento da sociabilidade natural do ser humano.
- Recoñecemento da argumentación como a forma máis eficaz, coherente e tolerante de defender a nosa opinión e avaliar a dos demais.
- Tolerancia e respecto ante a diversidade cultural.
- Reflexión sobre os propios valores co fin de identificalos e adoptar unha decisión ou un compromiso con respecto a eles.

### d) Actividades

- Presentación da unidade: ler o texto narrativo inicial, reflexionar sobre o tema e a problemática que suxire.
- Ler os distintos apartados da unidade didáctica, extraer as ideas importantes e realizar unha copia de apuntamentos.
- Ler textos de distinta época e temática, e resolver as cuestións relacionadas co contido.
- Completar unha táboa sobre as semellanzas e as diferenzas entre o ser humano e o resto de animais.
- Participar nun debate sobre a universalidade e o relativismo cultural.
- Definir de xeito persoal termos filosóficos como: etnocentrismo, relativismo, converxencia cultural, diversidade cultural, modernidade e posmodernidade.
- Completar unha táboa con exemplos para cada unha das actitudes ante a diversidade cultural.
- Analizar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna coma no seu contexto histórico, identificando os problemas que expoñen, así como os argumentos e as solucións propostas.
- Ler e analizar o esquema gráfico que sintetiza os principais conceptos da unidade e as súas relacións.
- Resolver as actividades de síntese da unidade.

### 5.6. Criterios de avaliación

- a) Expoñer oralmente argumentacións persoais acerca das cuestións filosóficas tratadas.
- b) Utilizar e valorar o diálogo como forma de aproximación colectiva á verdade e como proceso interno de construción de aprendizaxes significativas, recoñecendo e practicando os valores intrínsecos do diálogo como o respecto mutuo, a sinceridade, a tolerancia, en definitiva, os valores democráticos.
- c) Obter información relevante a través de diversas fontes, elaborala, contrastala e utilizala criticamente na análise de problemas filosóficos.
- d) Coñecer e analizar as características específicas do humano como unha realidade complexa e aberta de múltiples expresións e posibilidades, profundando na dialéctica

natureza e cultura, e individuo e ser social, que constitúen a persoa.

5.7. Actividades de avaliación

- Sintetizar as explicacións que intentan dar conta do lugar de orixe do ser humano.
- Darlle unha resposta persoal á pregunta sobre as vantaxes da linguaxe e a capacidade simbólica para a persoa.
- Valorar a veracidade ou a falsidade de oracións acerca do valor do ser humano.
- Argumentar contra a xenofobia.
- Clasificar distintas afirmacións segundo a actitude ante a diversidade cultural que denoten.
- Responder un test sobre os contidos da unidade.

6. **O estudo psicolóxico do ser humano**

6.1. Tempo aproximado: Dúas semanas.

6.2. Interdisciplinaria: Historia da Filosofía, Bioloxía, Anatomía Aplicada, Lingua e Literatura.

6.3. Obxectivos

- a) Integrar aspectos e experiencias do alumno/a no marco da reflexión filosófica.
- b) Situar, comprender e valorar diversas formulacións filosóficas sobre un mesmo problema.
- c) Identificar e apreciar o sentido de problemas filosóficos como a natureza psíquica do ser humano e a relación mente e corpo, e empregar con propiedade e rigor os novos conceptos e termos como mente, conciencia, instinto...
- d) Mellorar a técnica para organizar, almacenar e reter información.
- e) Utilizar procedementos básicos para o traballo intelectual e o traballo autónomo: busca e selección de información, contraste, análise, síntese e avaliación crítica desta, promovendo o rigor intelectual na formulación dos problemas.
- f) Argumentar de modo coherente o propio pensamento de forma oral na práctica da mesa redonda.
- g) Coñecer a natureza e o funcionamento do sistema nervioso humano.
- h) Valorar a especificidade e a peculiaridade da conduta humana.
- i) Recoñecer a importancia dos aspectos socioculturais, motivacionais e de aprendizaxe na conduta humana.

6.4. Ensinanzas transversais

- a) Educación sexual: recoñecer a importancia da dimensión afectiva e emocional no desenvolvemento íntegro da persoa.
- b) Educación moral e cívica: reivindicación da imaxinación como outra das facultades humanas orientada a alcanzar a felicidade. Coñecemento das concepcións sobre a dualidade humana (mente/corpo) e valoración da conxunción das dúas dimensións na persoa.
- c) Educación para a saúde: analizar o carácter de insatisfacción que acompaña a existencia humana, para podelo integrar de xeito equilibrado na nosa vida.

## FILOSOFÍA E CIDADANÍA

### 6.5. Contidos

#### a) Conceptos

- A vida psíquica. Natureza da mente. Consciente e inconsciente. Estados e procesos mentais.
- Bases biolóxicas do psiquismo humano. O sistema nervioso. O cerebro.
- Concepcións filosóficas sobre o ser humano. O dualismo. O monismo. Máis alá do dualismo e do monismo.
- A conduta humana. Conduta herdada ou conduta aprendida. A motivación. Trazos esenciais da conduta humana.

#### b) Procedementos

- Lectura e análise de breves textos filosóficos.
- Definición e uso de conceptos filosóficos.
- Aplicación de técnicas para organizar, almacenar e reter a información.
- A mesa redonda.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos a situacións da vida cotiá.
- Análise e comentario de textos filosóficos breves.

#### c) Actitudes

- Valoración da diversidade de formulacións ante unha mesma problemática.
- Recoñecemento da importancia de empregar a terminoloxía filosófica con precisión e adecuación.
- Interese por problemas filosóficos como a relación mente-corpo.
- Valoración da especificidade e a peculiaridade da conduta humana.
- Recoñecemento da importancia dos aspectos socioculturais, motivacionais e de aprendizaxe na conduta humana.
- Recoñecemento da importancia da dimensión afectiva e emocional no desenvolvemento íntegro da persoa.
- Interese polas distintas concepcións sobre a dualidade humana (mente/corpo) e valoración da conxunción das dúas dimensións na persoa.
- Análise do carácter de insatisfacción que acompaña a existencia humana, co obxectivo de integralo de xeito equilibrado na nosa vida.

#### d) Actividades

- Presentación da unidade: ler o texto narrativo inicial, reflexionar sobre o tema e a problemática que suxire.
- Ler os distintos apartados da unidade didáctica, extraer as ideas importantes e realizar unha copia de apuntamentos.
- Ler textos de distinta época e temática, e resolver as cuestións relacionadas co

contido.

- Explicar e xustificar o carácter intencional de varios tipos de fenómenos mentais.
- Participar nunha mesa redonda sobre a relación mente-cerebro.
- Comparar e diferenciar dous posibles esquemas da conduta.
- Redactar un breve ensaio sobre a conduta herdada e a conduta aprendida no ser humano.
- Analizar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna coma no seu contexto histórico, identificando os problemas que expoñen, así como os argumentos e as solucións propostas.
- Ler e analizar o esquema gráfico que sintetiza os principais conceptos da unidade e as súas relacións.
- Resolver as actividades de síntese da unidade.

#### 6.6. Criterios de avaliación

- a) Razoar con argumentacións ben construídas realizando unha análise crítica e elaborando unha reflexión adecuada ao redor dos coñecementos adquiridos.
- b) Expór oralmente argumentacións persoais acerca das cuestións filosóficas tratadas.
- c) Utilizar e valorar o diálogo como forma de aproximación colectiva á verdade e como proceso interno de construción de aprendizaxes significativas, recoñecendo e practicando os valores intrínsecos do diálogo como o respecto mutuo, a sinceridade, a tolerancia, en definitiva, os valores democráticos.
- d) Obter información relevante a través de diversas fontes, elaborala, contrastala e utilizala criticamente na análise de problemas filosóficos.
- e) Coñecer e analizar as características específicas do humano como unha realidade complexa e aberta de múltiples expresións e posibilidades, profundando na dialéctica natureza e cultura, e individuo e ser social, que constitúen a persoa.

#### 6.7. Actividades de avaliación

- a) Completar oracións acerca da natureza psíquica do ser humano.
- b) Elaborar un esquema do sistema nervioso central.
- c) Valorar a verdade ou a falsidade de oracións acerca da relación mente-cerebro.
- d) Determinar que posición sobre a relación mente-cerebro se sostén nun texto filosófico de autor.
- e) Responder un test sobre os contidos da unidade.

### 7. Dimensión social: individuo e sociedade

7.1. Tempo aproximado: Dúas semanas.

7.2. Interdisciplinidade: Historia da Filosofía, Historia do Mundo Contemporáneo, Lingua e Literatura.

7.3. Obxectivos

- a) Entender a socialización como integración social e proceso de formación e crecemento persoal.

## FILOSOFÍA E CIDADANÍA

- b) Dominar procedementos de busca e tratamento da información, como a elaboración de entrevistas.
- c) Establecer as distintas valoracións da relación individuo-sociedade.
- d) Valorar o humanismo como busca de equilibrio entre o ben colectivo e os dereitos individuais.
- e) Concienciarse de que a sociedade non é un simple agregado de individuos, senón un todo interconectado.
- f) Adoptar unha actitude crítica ante posturas colectivistas como os totalitarismos.
- g) Practicar e valorar o diálogo filosófico como proceso de encontro racional e busca da verdade, na práctica, por exemplo, do debate.
- h) Recoñecer a sociabilidade natural do ser humano.
- i) Valorar a capacidade normativa e transformadora da razón para construír unha sociedade máis xusta, na que exista unha verdadeira igualdade de oportunidades.

### 7.4. Ensinanzas transversais

- a) Educación sexual: recoñecer a importancia da dimensión afectiva e emocional no desenvolvemento íntegro da persoa.
- b) Educación para a paz: recoñecer a importancia e a necesidade de normas sociais que aseguren a convivencia e a estabilidade social. Concienciarse da existencia de tensións e relacións conflitivas no seo da sociedade, e analizar como estas poden xerar violencia, exclusión e marxinação.

### 7.5. Contidos

- a) Conceptos
  - A sociabilidade do ser humano. Fundamentos biolóxicos da sociabilidade. Cooperación e agresividade. Harmonía e desharmonía social.
  - O proceso de socialización. Definición de socialización. Mecanismos. Axentes da socialización. Repercusións.
  - Relacións individuo-sociedade. Definición de conceptos. Valoración da relación. Tensións na relación individuo-sociedade. Harmonía na relación individuo-sociedade.
- b) Procedementos
  - Lectura e análise de breves textos filosóficos.
  - Definición e uso de conceptos filosóficos.
  - Aplicación dos coñecementos adquiridos a situacións da vida cotiá.
  - Dominio de técnicas de busca e tratamento da información na posta en práctica de procedementos como a entrevista.
  - Análise e comentario de textos filosóficos breves.
  - Participación nun debate.
- c) Actitudes



- Valoración do humanismo como unha busca de equilibrio entre o ben colectivo e os dereitos individuais.
- Toma de conciencia de que a sociedade non é un simple agregado de individuos, senón un todo interconectado.
- Recoñecemento da necesidade de normas que regulen a convivencia social e o seu acatamento.
- Toma de conciencia da existencia de tensións e relacións conflitivas no seo da sociedade e análise de como estas poden xerar violencia, exclusión e marxinación.
- Recoñecemento da importancia da dimensión afectiva e emocional no desenvolvemento íntegro da persoa.

### d) Actividades

- Presentación da unidade: ler o texto narrativo inicial, reflexionar sobre o tema e a problemática que suxire.
- Ler os distintos apartados da unidade didáctica, extraer as ideas importantes e realizar unha copia de apuntamentos.
- Ler textos de distinta época e temática, e resolver as cuestións relacionadas co contido.
- Definir de xeito persoal conceptos relacionados coa sociabilidade humana.
- Comparar e diferenciar a socialización primaria da socialización secundaria.
- Ver e comentar unha película sobre os nenos salvaxes.
- Levar a cabo o simulacro dunha entrevista.
- Participar nun debate sobre a violencia xuvenil, como posible consecuencia da anomia social.
- Analizar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna coma no seu contexto histórico, identificando os problemas que expoñen, así como os argumentos e as solucións propostas.
- Ler e analizar o esquema gráfico que sintetiza os principais conceptos da unidade e as súas relacións.
- Resolver as actividades de síntese da unidade.

### 7.6. Criterios de avaliación

- a) Razoar con argumentacións ben construídas realizando unha análise crítica e elaborando unha reflexión adecuada ao redor dos coñecementos adquiridos.
- Expoñer oralmente argumentacións persoais acerca das cuestións filosóficas tratadas na práctica do debate.
  - Utilizar e valorar o diálogo como forma de aproximación colectiva á verdade e como proceso interno de construción de aprendizaxes significativas, recoñecendo e practicando os valores intrínsecos do diálogo como o respecto mutuo, a sinceridade, a tolerancia, en definitiva, os valores democráticos.
  - Obter información relevante a través de diversas fontes, elaborala, contrastala e utilízala criticamente na análise de problemas filosóficos e na elaboración de

## FILOSOFÍA E CIDADANÍA

entrevistas.

- Coñecer e analizar as características específicas do humano como unha realidade complexa e aberta de múltiples expresións e posibilidades, profundando na dialéctica natureza e cultura, e individuo e ser social, que constitúen a persoa.
- Recoñecer e analizar os conflitos latentes e emerxentes das complexas sociedades actuais, os seus logros e dificultades, os seus cambios e retos máis importantes que contextualizan a actividade sociopolítica do cidadán, manifestando unha actitude crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais ou situacionais de discriminación.

### 7.7. Actividades de avaliación

- a) Definir de xeito persoal termos e conceptos sociolóxicos.
- b) Completar oracións sobre a sociabilidade humana e o proceso de socialización.
- c) Valorar a verdade ou a falsidade de oracións acerca do proceso e os mecanismos de socialización.
- d) Analizar e valorar axentes socializadores conflictivos como a televisión.
- e) Analizar e comentar un texto sobre a relación individuo-sociedade.
- f) Responder un test sobre os contidos da unidade.

## 8. A acción: liberdade e responsabilidade

8.1. Tempo aproximado: Dúas semanas.

8.2. Interdisciplinariedade: Historia da Filosofía, Historia do Mundo Contemporáneo, Bioloxía, Física, Economía, Lingua e Literatura.

8.3. Obxectivos

- a) Identificar e apreciar o sentido de problemas filosóficos como o da liberdade, e empregar con propiedade e rigor os novos conceptos e termos do ámbito da acción.
- b) Aprender a analizar crítica e rigorosamente a acción.
- c) Integrar algunhas das cuestións filosóficas tradicionais con aspectos interesantes para a vida cotiá.
- d) Argumentar de modo coherente o propio pensamento de forma oral e escrita, contrastándoo con outras posicións e argumentacións.
- e) Analizar, comparar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna como a no seu contexto histórico, identificando os problemas que expoñen, así como os argumentos e as solucións propostas.
- f) Clarificar o concepto de liberdade, rexeitando os prexuízos e os tópicos nos que se cae a miúdo.
- g) Coñecer as posturas deterministas e indeterministas, e as súas implicacións.
- h) Asumir a relación que existe entre liberdade, responsabilidade e moralidade.
- i) Ser conscientes da dificultade que supón limitar de forma precisa o concepto de responsabilidade.

### 8.4. Ensinanzas transversais

- a) Educación para a paz: valorar criticamente os limitadores externos da liberdade. Recoñecer a importancia da comprensión da acción na resolución de conflitos.
- b) Educación moral e cívica: recoñecer a dignidade e a liberdade da persoa. Tomar conciencia das implicacións éticas e morais da liberdade: responsabilidade ante as nosas accións. Coñecer os factores que subxacen á acción humana: motivos, intencións, consecuencias.

### 8.5. Contidos

#### a) Conceptos

- A acción humana. Aproximación á noción de acción. Especificidade da acción humana. Acción individual e acción colectiva. Acción motivada. Acción intencional.
- A liberdade. Aproximación á noción de liberdade. O determinismo ou a ausencia de liberdade. O indeterminismo ou a existencia de liberdade.
- A responsabilidade. Definición e problema da responsabilidade. Delimitación do alcance da responsabilidade.

#### b) Procedementos

- Lectura e análise de breves textos filosóficos.
- Definición e uso de conceptos filosóficos.
- Análise de accións.
- Comparación de posturas opostas sobre un mesmo tema.
- Análise e comentario de textos filosóficos breves.
- Participación nun debate.

#### c) Actitudes

- Rexeitamento dos prexuizos e os tópicos habituais ao redor da cuestión da liberdade humana.
- Valoración das implicacións das posturas deterministas e indeterministas.
- Asunción da relación existente entre liberdade, responsabilidade e moralidade.
- Recoñecemento da dificultade de definir o concepto de responsabilidade.
- Crítica dos limitadores externos da liberdade.
- Toma de conciencia das implicacións éticas e morais da liberdade: responsabilidade ante as nosas accións.

#### d) Actividades

- Presentación da unidade: ler o texto narrativo inicial, reflexionar sobre o tema e a problemática que suxire.
- Ler os distintos apartados da unidade didáctica, extraer as ideas importantes e realizar unha copia de apuntamentos.
- Ler textos de distinta época e temática, e resolver as cuestións relacionadas co contido.

## FILOSOFÍA E CIDADANÍA

- Analizar e valorar as accións que se describen nun texto, de acordo cunhas pautas.
- Participar nun debate sobre a existencia ou non de liberdade de elección.
- Definir de xeito persoal termos e conceptos filosóficos relacionados coa acción e a liberdade.
- Analizar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna coma no seu contexto histórico, identificando os problemas que expoñen, así como os argumentos e as solucións propostas.
- Ler e analizar o esquema gráfico que sintetiza os principais conceptos da unidade e as súas relacións.
- Resolver as actividades de síntese da unidade.

### 8.6. Criterios de avaliación

- a) Razoar con argumentacións ben construídas realizando unha análise crítica das accións, as súas consecuencias e as súas implicacións.
- b) Expoñer oralmente argumentacións persoais acerca das cuestións filosóficas tratadas na práctica do debate.
- c) Utilizar e valorar o diálogo como forma de aproximación colectiva á verdade e como proceso interno de construción de aprendizaxes significativas, recoñecendo e practicando os valores intrínsecos do diálogo como o respecto mutuo, a sinceridade, a tolerancia, en definitiva, os valores democráticos.
- d) Obter información relevante a través de diversas fontes, elaborala, contrastala e utilízala criticamente na análise de problemas filosóficos e na elaboración de entrevistas.
- e) Coñecer e valorar a natureza das accións humanas en tanto que libres e responsables.

### 8.7. Actividades de avaliación

- a) Completar oracións sobre a especificidade da acción humana.
- b) Explicar e xustificar con exemplos a relación entre determinismo e causalidade.
- c) Clasificar oracións sobre a acción humana, segundo sexan deterministas ou indeterministas.
- d) Valorar a verdade ou a falsidade de oracións acerca da acción e a liberdade humanas.
- e) Analizar e comentar un texto sobre a liberdade humana.
- f) Responder un test sobre os contidos da unidade.

## 9. A acción moral e as teorías éticas

### 9.1. Tempo aproximado: Dúas semanas.

### 9.2. Interdisciplinariade: Historia da Filosofía, Historia do Mundo Contemporáneo, Historia da Arte, Latín, Grego, Ciencias da Terra e Ambientais, Bioloxía, Economía, Lingua e Literatura.

### 9.3. Obxectivos

- a) Identificar e apreciar o sentido dos problemas filosóficos relacionados co ámbito da moral e a ética, e empregar con propiedade e rigor os novos conceptos e termos asimilados para

a análise e a discusión.

- b) Relacionar o estudado sobre a acción e a liberdade coa dimensión moral.
- c) Concienciarse do carácter inevitablemente moral do ser humano.
- d) Recoñecer a nosa responsabilidade ante o noso propio carácter e talante moral.
- e) Tomar conciencia de que as normas morais requiren convicción interior e non só acatamento externo.
- f) Practicar e valorar o diálogo filosófico como proceso de encontro racional e busca colectiva da verdade.
- g) Clarificar o concepto de valor e analizar o problema do universalismo ético.
- h) Valorar a importancia da ética como intento de fundamentación da moral.
- i) Coñecer os principais tipos de teorías éticas e as súas diferenzas.
- j) Adoptar unha actitude de respecto das diferenzas e crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais e ante toda discriminación, xa sexa por sexo, etnia, cultura, crenzas ou outras características individuais e sociais.
- k) Reflexionar sobre problemas actuais que se lle presentan á ética.

#### 9.4. Ensinanzas transversais

- a) Educación ambiental: tomar conciencia dos problemas ecolóxicos actuais.
- b) Educación para a saúde: concienciarse do problema da drogodependencia e das súas consecuencias no ámbito persoal e social.
- c) Educación moral e cívica: coñecer os sistemas éticos e morais máis relevantes do pasado e da actualidade. Adquirir unha actitude reflexiva, tolerante e crítica na formulación, a discusión e a solución de problemas e conflitos morais.

#### 9.5. Contidos

- a) Conceptos
  - A moral. Da acción libre á acción moral. Definición de moral. As normas morais. Os valores.
  - A ética. Da moral á ética. Fundamentación da ética.
  - Principais teorías éticas. Intelectualismo moral. Eudemonismo. Hedonismo. Estoicismo. Iusnaturalismo ético. Formalismo. Emotivismo. Utilitarismo. Ética discursiva.
  - Problemas éticos actuais. Moralidade e legalidade. Problemas ecolóxicos. Cuestións de bioética. A globalización. Tensión felicidade-xustiza.
- b) Procedementos
  - Lectura e análise de breves textos filosóficos.
  - Definición e uso de conceptos filosóficos.
  - Discusión de dilemas morais.
  - Redacción dun ensaio filosófico.
  - Análise e comentario de textos filosóficos breves.

## FILOSOFÍA E CIDADANÍA

### c) Actitudes

- Recoñecemento da nosa responsabilidade ante o noso propio carácter e talante moral.
- Aceptación de que as normas morais requiren convicción interior e non só acatamento externo.
- Toma de conciencia dos problemas ecolóxicos actuais.
- Toma de conciencia do problema da drogodependencia e das súas consecuencias persoais e sociais.
- Adquisición dunha actitude reflexiva, tolerante e crítica na formulación, a discusión e a solución de problemas e conflitos morais.

### d) Actividades

- Presentación da unidade: ler o texto narrativo inicial, reflexionar sobre o tema e a problemática que suxire.
- Ler os distintos apartados da unidade didáctica, extraer as ideas importantes e realizar unha copia de apuntamentos.
- Ler textos de distinta época e temática, e resolver as cuestións relacionadas co contido.
- Discutir na clase un dilema moral.
- Completar oracións sobre a dimensión moral do ser humano.
- Inventar e redactar un dilema moral.
- Relacionar oracións nas que se expresan actitudes morais coa teoría ética á que pertencen.
- Buscar información sobre un dos problemas éticos vistos na unidade e redactar un ensaio filosófico sobre el.
- Analizar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna coma no seu contexto histórico, identificando os problemas que expoñen, así como os argumentos e as solucións propostos.
- Ler e analizar o esquema gráfico que sintetiza os principais conceptos da unidade e as súas relacións.
- Resolver as actividades de síntese da unidade.

### 9.6. Criterios de avaliación

- a) Razoar con argumentacións ben construídas realizando unha análise crítica e elaborando unha reflexión adecuada ao redor dos coñecementos adquiridos.
- b) Expoñer argumentacións e compoñer textos propios nos que se logre unha integración das diversas perspectivas e se avance na formación dun pensamento autónomo.
- c) Utilizar e valorar o diálogo como forma de aproximación colectiva á verdade e como proceso interno de construción de aprendizaxes significativas, recoñecendo e practicando os valores intrínsecos do diálogo como o respecto mutuo, a sinceridade, a

tolerancia, en definitiva, os valores democráticos.

- d) Obter información relevante a través de diversas fontes, elaborala, contrastala e utilízala criticamente na análise de problemas filosóficos e na elaboración de entrevistas.
- e) Coñecer e valorar a natureza das accións humanas en tanto que libres e responsables, normativas e transformadoras.

9.7. Actividades de avaliación

- a) Completar oracións sobre a dimensión moral do ser humano.
- b) Clasificar oracións que expresan actitudes morais segundo a teoría ética á que se axusten.
- c) Analizar unha situación conflitiva desde a perspectiva das distintas teorías éticas estudadas.
- d) Responder un test sobre os contidos da unidade.

**TERCEIRO TRIMESTRE**

10. A organización social

10.1. Tempo aproximado: Dúas semanas.

10.2. Interdisciplinaria: Historia da Filosofía, Historia do Mundo Contemporáneo, Historia da Arte, Ciencias para o Mundo Contemporáneo, Lingua e Literatura.

10.3. Obxectivos

- a) Concienciarse de que a sociedade non é un simple agregado de individuos, senón un todo interconectado.
- b) Coñecer os trazos de diversas organizacións sociais.
- c) Entender o carácter dinámico de toda organización social.
- d) Empregar con propiedade termos do ámbito da socioloxía.
- e) Analizar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna coma no seu contexto histórico, identificando os problemas que expoñen, así como os argumentos e as solucións propostas.
- f) Utilizar procedementos básicos para o traballo intelectual e o traballo autónomo: elaboración de enquisas.
- g) Profundar no coñecemento da sociedade e nos mecanismos que lle outorgan estabilidade.
- h) Valorar a necesidade de normas que aseguren a convivencia social.
- i) Comprender a natureza convencional e normativa das institucións sociais.
- j) Integrar procedementos sociolóxicos na reflexión filosófica.
- k) Diferenciar o carácter das sociedades abertas e as sociedades pechadas.
- l) Adoptar unha actitude de respecto das diferenzas e crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais e ante toda discriminación, xa sexa por sexo, etnia, cultura, crenzas ou outras características individuais e sociais.
- m) Valorar a posibilidade de mobilidade social nas sociedades democráticas.

10.4. Ensinanzas transversais

## FILOSOFÍA E CIDADANÍA

- a) Educación viaria: reflexionar acerca do carácter social das normas e tomar conciencia da necesidade de normas sociais para a convivencia harmónica en sociedade.
- b) Educación para a paz: valorar a diversidade como fenómeno enriquecedor. Recoñecer a importancia e a necesidade de normas sociais que aseguren a convivencia e a estabilidade social. Valorar a sociedade non como un simple agregado de individuos, senón como un sistema integrado e equilibrado.
- c) Educación para a igualdade entre os sexos: recoñecer a igualdade de todos os seres humanos.
- d) Educación moral e cívica: recoñecer a dignidade e a liberdade da persoa, e valorar o diálogo como forma de superar os conflitos nacionais e internacionais.

### 10.5. Contidos

#### a) Conceptos

- O sistema social. A sociedade como sistema. Evolución histórica dos sistemas sociais.
- A orde social. Concepto de estrutura social. Os grupos sociais. As posicións sociais. As normas sociais. As institucións. A cohesión social.
- Cambio social. Transformación social. Tipos de cambio social. Factores de cambio social.

#### b) Procedementos

- Lectura e análise de breves textos filosóficos.
- Definición e uso de conceptos filosóficos.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos a situacións da vida cotiá.
- Elaboración dunha enquisa como modo de busca e tratamento da información.
- Participación nun debate.
- Relación de exemplos e casos concretos con teorías ou concepcións máis xerais.
- Participación en discusións filosóficas.

#### c) Actitudes

- Toma de conciencia de que a sociedade non é un simple agregado de individuos, senón un todo interconectado.
- Recoñecemento da necesidade de normas que regulen a convivencia social e o seu acatamento.
- Aceptación da diversidade como un factor enriquecedor da sociedade.
- Toma de conciencia da existencia de tensións e relacións conflictivas no seo da sociedade e análise de como estas poden xerar violencia, exclusión e marxinação.
- Recoñecemento da igualdade e a dignidade de todos os seres humanos.
- Recoñecemento da importancia da dimensión afectiva e emocional no desenvolvemento íntegro da persoa.
- Valoración do diálogo racional e respectuoso como o modo máis eficaz de superar os



conflitos sociais.

### d) Actividades

- Presentación da unidade: ler o texto narrativo inicial, reflexionar sobre o tema e a problemática que suxire.
- Ler os distintos apartados da unidade didáctica, extraer as ideas importantes e realizar unha copia de apuntamentos.
- Ler textos de distinta época e temática, e resolver as cuestións relacionadas co contido.
- Elaborar unha enquisa para solicitar información acerca do grao de conformidade da propia comunidade coas normas e os costumes sociais desta.
- Definir de xeito persoal termos do ámbito da socioloxía.
- Análise da estrutura, a mobilidade e a organización dos grupos sociais aos que se pertence.
- Explicar as diferenzas entre sociedade aberta e sociedade pechada.
- Analizar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna coma no seu contexto histórico, identificando os problemas que expoñen, así como os argumentos e as solucións propostos.
- Ler e analizar o esquema gráfico que sintetiza os principais conceptos da unidade e as súas relacións.
- Resolver as actividades de síntese da unidade.

### 10.6. Criterios de avaliación

- a) Razoar con argumentacións ben construídas realizando unha análise crítica e elaborando unha reflexión adecuada ao redor dos coñecementos adquiridos.
- b) Expoñer argumentacións e compoñer textos propios nos que se logre unha integración das diversas perspectivas e se avance na formación dun pensamento autónomo.
- c) Obter información relevante a través de diversas fontes, elaborala, contrastala e utilízala criticamente na análise de problemas filosóficos e sociolóxicos como o grao de conformidade dunha comunidade coa súa normativa social.
- d) Coñecer e valorar a natureza das accións humanas en tanto que libres e responsables, normativas e transformadoras.
- e) Recoñecer e analizar os conflitos latentes e emerxentes das complexas sociedades actuais, os seus logros e dificultades, os seus cambios e retos máis importantes.

### 10.7. Actividades de avaliación

- a) Completar oracións sobre a organización social.
- b) Valorar a verdade ou a falsidade de oracións acerca da organización, a estrutura e o cambio social.
- c) Analizar e comentar un texto sobre a sociabilidade humana e as súas repercusións.
- d) Explicar as diferenzas entre sociedades abertas e sociedades pechadas.
- e) Responder un test sobre os contidos da unidade.

## FILOSOFÍA E CIDADANÍA

### 11. Orixe e lexitimidade do poder político

11.1. Tempo aproximado: Dúas semanas.

11.2. Interdisciplinabilidade: Historia da Filosofía, Historia do Mundo Contemporáneo, Historia de España, Historia da Arte, Lingua e Literatura.

11.3. Obxectivos

- a) Utilizar correctamente o vocabulario político básico.
- b) Distinguir e caracterizar diferentes formas de poder.
- c) Recoñecer as formas de lexitimación do poder estatal.
- d) Situar a democracia e o Estado social de dereito na evolución do Estado.
- e) Fomentar a reflexión sobre a necesidade e o valor do Estado.
- f) Valorar a democracia como a forma máis racional e xusta de organización política.
- g) Adoptar unha actitude reflexiva e crítica respecto do noso ordenamento legal.
- h) Comprender a necesidade de que o Dereito dun Estado se oriente cara ao xusto.
- i) Apreciar a diferenza e a relación entre xustiza e lei.
- j) Coñecer e comprender distintas teorías sobre a lexitimidade legal.
- k) Adoptar unha actitude de respecto das diferenzas e crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais e ante toda discriminación, xa sexa por sexo, etnia, cultura, crenzas ou outras características individuais e sociais.
- l) Consolidar a competencia social e cidadá fundamentando teoricamente o seu sentido, o seu valor e a súa necesidade para exercer unha cidadanía democrática.
- m) Desenvolver unha conciencia cívica, crítica e autónoma, inspirada nos dereitos humanos e comprometida coa construción dunha sociedade democrática, xusta e equitativa e coa defensa da natureza, desenvolvendo actitudes de solidariedade e participación na vida comunitaria.

11.4. Ensinanzas transversais

- a) Educación para a paz: valorar a importancia da participación democrática, a liberdade de opinión e os dereitos das minorías. Concienciarse da importancia de que o Estado non só respecte o ben común, senón que ademais o promova. Rexeitar os sistemas políticos autoritarios e totalitarios que atentan contra as liberdades individuais. Concienciarse da necesidade de que exista maior participación política para unha democracia efectiva.
- b) Educación moral e cívica: reflexionar acerca do valor moral das normas xurídicas e o poder. Recoñecer a necesidade de que o Dereito dunha comunidade sexa xusto e estea lexitimado.

11.5. Contidos

- a) Conceptos
  - Principais teorías sobre o Estado. O poder político. O Estado. Teorías sobre a orixe do Estado. Formas do Estado.
  - A lexitimación do Estado. Concepto de lexitimación. Formas de lexitimación. A

democracia.

- O Dereito. Concepto de Dereito. As leis. Legalidade e lexitimidade.
- A xustiza. Concepto de xustiza. A lexitimidade das leis.

### b) Procedementos

- Lectura e análise de breves textos filosóficos.
- Definición e uso de conceptos filosóficos.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos a situacións da vida cotiá.
- Análise e comentario de textos filosóficos breves.
- Integración de procedementos sociolóxicos na reflexión filosófica.
- Participación nun debate.
- Redacción dunha disertación filosófica.
- Aplicación da dinámica do Philips 6/6 para presentar e compartir opinións.

### c) Actitudes

- Interese pola reflexión sobre a necesidade e o valor do Estado.
- Actitude reflexiva e crítica respecto ao propio ordenamento legal.
- Valoración da importancia da participación democrática, a liberdade de opinión e os dereitos das minorías.
- Rexeitamento dos sistemas políticos autoritarios e totalitarios que atentan contra as liberdades individuais.
- Toma de conciencia da necesidade de implicarse e participar politicamente para que a democracia sexa máis efectiva.
- Reflexión acerca do valor moral das normas xurídicas e o poder.
- Recoñecemento da necesidade de que o Dereito dunha comunidade sexa xusto e estea lexitimado.

### d) Actividades

- Presentación da unidade: ler o texto narrativo inicial, reflexionar sobre o tema e a problemática que suxire.
- Ler os distintos apartados da unidade didáctica, extraer as ideas importantes e realizar unha copia de apuntamentos.
- Ler textos de distinta época e temática, e resolver as cuestións relacionadas co contido.
- Explicar que significa que o Estado posúe o monopolio da violencia.
- Comparar a relación entre Estado e sociedade civil nun Estado democrático e nun Estado totalitario.
- Participar nun debate acerca da natural bondade do ser humano.
- Definir e diferenciar os distintos tipos de Estado.

## FILOSOFÍA E CIDADANÍA

- Argumentar a propia opinión acerca dun hipotético proxecto político.
- Definir persoalmente termos e conceptos da filosofía política.
- Escribir unha disertación filosófica sobre a obrigatoriedade de obedecer leis inxustas.
- Aplicar a dinámica do Philips 6/6 para poñer en común diversas opinións e valoracións da xustiza.
- Analizar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna coma no seu contexto histórico, identificando os problemas que expoñen, así como os argumentos e as solucións propostos.
- Ler e analizar o esquema gráfico que sintetiza os principais conceptos da unidade e as súas relacións.
- Resolver as actividades de síntese da unidade.

### 11.6. Criterios de avaliación

- a) Razoar con argumentacións ben construídas realizando unha análise crítica e elaborando unha reflexión adecuada ao redor dos coñecementos adquiridos.
- b) Expoñer argumentacións e compoñer textos propios nos que se logre unha integración das diversas perspectivas e se avance na formación dun pensamento autónomo.
- c) Obter información relevante a través de diversas fontes, elaborala, contrastala e utilízala criticamente na análise de problemas filosóficos, sociolóxicos e políticos.
- d) Recoñecer e analizar os conflitos latentes e emerxentes das complexas sociedades actuais, os seus logros e dificultades, os seus cambios e retos máis importantes que contextualizan a actividade sociopolítica do cidadán, manifestando unha actitude crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais ou situacionais de discriminación.
- e) Sinalar as diferentes teorías acerca da orixe do poder político e a súa lexitimación, identificando as que fundamentan o Estado democrático e de dereito, e analizar os modelos de participación e de integración na complexa estrutura social dun mundo en proceso de globalización.

### 11.7. Actividades de avaliación

- a) Valorar a verdade ou a falsidade de oracións acerca da orixe e a lexitimidade do poder do Estado.
- b) Completar oracións sobre o Estado.
- c) Reflexionar e propoñer de que xeito se pode opoñer o cidadán dun Estado democrático ás leis inxustas.
- d) Relacionar distintos tipos de Estado coas características que lle son propias.
- e) Deducir a idea principal dun texto e poñerlle un título que se lle axuste.
- f) Responder un test sobre os contidos da unidade.

## 12. Democracia e cidadanía

### 12.1. Tempo aproximado: Dúas semanas.

12.2. Interdisciplinabilidade: Historia da Filosofía, Historia do Mundo Contemporáneo, Historia de España, Historia da Arte, Ciencias da Terra e Ambientais, Ciencias para o Mundo Contemporáneo, Lingua e Literatura.

12.3. Obxectivos

- a) Coñecer os distintos tipos de democracia.
- b) Situar a democracia e o Estado social de dereito na evolución do Estado.
- c) Fomentar a reflexión sobre a necesidade e o valor dos Estados democráticos.
- d) Valorar a democracia como a forma máis racional e xusta de organización política.
- e) Coñecer a orixe e a evolución da cidadanía, e recoñecer a súa importancia social e política.
- f) Concienciarse dos problemas urxentes do mundo actual e da cidadanía.
- g) Saber expresar libremente a propia opinión, sendo coherente e non ofensivo.
- h) Comprender e utilizar con precisión a noción de dereito humano.
- i) Recoñecer a importancia moral e política da loita polos dereitos humanos.
- j) Admitir a inviolabilidade e a universalidade dos dereitos humanos.
- k) Adoptar unha actitude de respecto das diferenzas e crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais e ante toda discriminación, xa sexa por sexo, etnia, cultura, crenzas ou outras características individuais e sociais.
- l) Valorar os intentos por construír unha sociedade mundial baseada no cumprimento dos dereitos humanos, na convivencia pacífica e na defensa da natureza.
- m) Consolidar a competencia social e cidadá fundamentando teoricamente o seu sentido, valor e necesidade para exercer unha cidadanía democrática.
- n) Desenvolver unha conciencia cívica, crítica e autónoma, inspirada nos dereitos humanos e comprometida coa construción dunha sociedade democrática, xusta e equitativa e coa defensa da natureza, desenvolvendo actitudes de solidariedade e participación na vida comunitaria.

12.4. Ensinanzas transversais

- a) Educación moral e cívica: recoñecer a dignidade e a liberdade da persoa. Valorar a democracia como a forma de goberno que pode garantir unha cidadanía libre e aberta. Recoñecer a necesidade de que os ideais de solidariedade e igualdade dirixan as accións da cidadanía.
- b) Educación ambiental: reflexionar sobre as repercusións ambientais do desenvolvemento tecnolóxico incontrolado e a necesidade do coidado da natureza para a supervivencia humana.
- c) Educación para a paz: coñecer a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, valorando o seu contido e o seu papel no mundo actual. Recoñecer o carácter inherente e universal dos dereitos humanos. Entender a paz como un ideal do noso tempo.
- d) Educación do consumidor: fomentar unha actitude crítica ante as mensaxes que promoven un consumismo incontrolado e insostible. Rexeitar as actitudes mercantilistas e concienciarse dos efectos colaterais dun consumo esaxerado.

12.5. Contidos

## FILOSOFÍA E CIDADANÍA

### a) Conceptos

- A democracia. Tipos de democracia. Criterios democráticos. Riscos en democracia.
- Cidadanía. Orixe e evolución do termo. Fundamentación filosófica.
- Os dereitos humanos. Características e tipos. Os dereitos da muller e do neno. Atentados contra os dereitos humanos. Os dereitos "en serio".
- Os retos da cidadanía. Pacifismo. Ecoloxismo. Igualdade de oportunidades. Consumo responsable. Exceso de información.

### b) Procedementos

- Lectura e análise de breves textos filosóficos.
- Definición e uso de conceptos filosóficos.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos a situacións da vida cotiá.
- Análise e comentario de textos filosóficos breves.
- Integración de procedementos sociolóxicos na reflexión filosófica.
- Expresión argumentada da túa propia opinión.
- Participación nun debate.

### c) Actitudes

- Valoración da importancia da participación democrática, a liberdade de opinión e os dereitos das minorías.
- Rexeitamento dos sistemas políticos autoritarios e totalitarios que atentan contra as liberdades individuais.
- Toma de conciencia da necesidade de implicarse e participar politicamente para que a democracia sexa máis efectiva.
- Toma de conciencia dos problemas que afectan á sociedade e á cidadanía.
- Recoñecemento da importancia moral e política da loita polos dereitos humanos.
- Aceptación do carácter inviolable e universal dos dereitos humanos.
- Reflexión sobre as repercusións ambientais do desenvolvemento tecnolóxico incontrolado e a necesidade do coidado da natureza para a supervivencia humana.
- Valoración da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e o seu papel no mundo actual.
- Concepción da paz como un ideal do noso tempo.
- Recoñecemento da dignidade e a liberdade das persoas.

### d) Actividades

- Presentación da unidade: ler o texto narrativo inicial, reflexionar sobre o tema e a problemática que suxire.
- Ler os distintos apartados da unidade didáctica, extraer as ideas importantes e

realizar unha copia de apuntamentos.

- Ler textos de distinta época e temática, e resolver as cuestións relacionadas co contido.
- Argumentar de xeito razoado por que a democracia é a mellor forma de goberno.
- Analizar os riscos das democracias.
- Clasificar nunha listaxe de dereitos segundo sexan civís, políticos ou sociais.
- Redactar en grupo dereitos que aínda non foron recoñecidos.
- Defender argumentadamente a propia opinión sobre a igualdade nas sociedades democráticas.
- Expoñer argumentadamente de forma escrita acerca dos retos aos que se enfronta a cidadanía actual.
- Analizar e comentar textos filosóficos, tanto na súa coherencia interna coma no seu contexto histórico, identificando os problemas que expoñen, así como os argumentos e as solucións propostos.
- Ler e analizar o esquema gráfico que sintetiza os principais conceptos da unidade e as súas relacións.
- Resolver as actividades de síntese da unidade.

### 12.6. Criterios de avaliación

- a) Razoar con argumentacións ben construídas realizando unha análise crítica e elaborando unha reflexión adecuada ao redor dos coñecementos adquiridos.
- b) Expoñer argumentacións e compoñer textos propios nos que se logre unha integración das diversas perspectivas e se avance na formación dun pensamento autónomo.
- c) Obter información relevante a través de diversas fontes, elaborala, contrastala e utilízala criticamente na análise de problemas filosóficos, sociolóxicos e políticos.
- d) Recoñecer e analizar os conflitos latentes e emerxentes das complexas sociedades actuais, os seus logros e dificultades, os seus cambios e retos máis importantes que contextualizan a actividade sociopolítica do cidadán, manifestando unha actitude crítica ante todo intento de xustificación das desigualdades sociais ou situacionais de discriminación.
- e) Sinalar as diferentes teorías acerca da orixe do poder político e a súa lexitimación, identificando as que fundamentan o Estado democrático e de dereito, e analizar os modelos de participación e de integración na complexa estrutura social dun mundo en proceso de globalización.

### 12.7. Actividades de avaliación

- a) Analizar e comentar unha cita acerca dos dereitos da muller.
- b) Relacionar diversos conceptos sobre a cidadanía coa súa definición.
- c) Elaborar un mapa conceptual coas ideas principais dun texto.
- d) Responder un test sobre os contidos da unidade.

## 7.3 CONTIDOS MÍNIMOS

Son os expresados nos diferentes apartados de conceptos dos contidos secuenciados e

temporalizados.

### **7.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Aos que aparecen nos diferentes apartados da programación de aula, haberá que engadir

- A puntualidade e a asidua asistencia ás clases, así como a regular participación nas actividades escolares que o departamento organice.
- A participación no traballo de colaboración: Comprende o trato solidario, o respecto ás persoas e a potenciación da integración e a participación dos colaboradores.
- A debida atención ás explicacións do profesor/a. Considerarase unha falta grave a deliberada e continuada alteración do ritmo da clase.
- O cumprimento dos prazos de presentación das actividades propostas.
- A participación na Aula Virtual.

### **7.5 PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

Consistirá nun cuestionario inicial, imaxe, audiovisual ou texto no que a partir de un conxunto de preguntas se pretende ir introducindo o alumnado no tema a tratar. O que buscamos é máis a implicación do alumnado que a avaliación de contidos. Tratarase, na maior parte dos casos, de interrogantes que pretenden facelos reflexionar acerca das súas propias ideas, actitudes e comportamentos, de forma que nos permita coñecer de onde partimos e iniciar unha máis ampla reflexión filosófica.

### **7.6 CONTRIBUCIÓN O PLAN LECTOR**

- Jostein Gaarder. *O Mundo de Sofía*. Obra de lectura obrigatoria que ten por obxecto de proporcionar ó alumnado unha visión de conxunto do que representou e representa o saber filosófico ó longo da historia, facendo ver que o coñecemento das diferentes correntes e autores é necesario para a actividade filosófica, xa que as novas respostas non invalidan outras anteriores.
- Fernando Savater, *As Preguntas da Vida*. Obra de iniciación elemental á reflexión filosófica seleccionada para introducir na clase os distintos problemas filosóficos a partir dos seus interrogantes: ¿para o que serve a filosofía?, a morte, a verdade, o universo, a liberdade, a xustiza, a beleza, o tempo; dando pé ó comentario, reflexión, análise, procura de información sobre o tema, produción de textos, debates, etc.
- Golding, Willian, *El señor de las moscas*. Alianza Editorial.
- Orwell, George, 1984. Ediciones Destino.
- Trumbo, Dalton, *Johnny cogió su fusil*. Punto de lectura.
- Millas, Juan José. *El orden alfabético*. Punto de lectura.
- K. Dick, Philip, *¿Sueñan los androides con ovejas electricas?* Edhasa.
- Coetze, *Esperando a los bárbaros*. Punto de lectura.
- Tolstoi, *La muerte de Ivan Illich*. Editorial Juventud
- Sanchez Piñol, Albert, *La piel fría*. Quinteto. 2006
- Muriel Barbery; *La elegancia del erizo*. Seix Barral.



## 7.7 SISTEMA DE PUNTUACIÓN.

1. Haberá tres probas escritas, unha por cada avaliación, Ademais haberá unha proba final sobre os contidos mínimos de todo o curso a que deberá presentarse o alumnado que non teña superado a lo menos dúas avaliacións
2. Lectura e control obrigatorio da obra de Jostein Gaarder *O mundo de Sofía*
3. O alumnado deberá realizar os traballos e exames que se convoquen a través da aula virtual nos intervalos de datas en que estean operativos. Deberanse realizar todas as actividades propostas.
4. O alumnado deberá ler a documentación do tema antes da clase correspondente.
5. Todos os alumnos deberán realizar unha disertación sobre un tema filosófico ao final do curso, que poderá empezar a traballar desde o comezo do curso.
6. Haberá unha proba final sobre os contidos mínimos de todo o curso á que deberá presentarse o alumnado que non supere polo menos dúas avaliacións.
7. Porcentaxes:
  - Traballos sobre lecturas complementarias e investigación : 30%.
    - É condición necesaria aínda que non suficiente para superar as diferentes avaliacións entregar os traballos obrigatorios.
  - Exames: 60%.
  - Na cualificación das probas escritas ou traballos valoraranse positivamente os seguintes aspectos.
    - Adecuación pregunta-resposta
    - Corrección formal e ortográfica: as faltas de ortografía ou gramaticais descontarán 0,1 puntos ata un máximo de un punto.
    - Capacidade de síntese
    - Capacidade de definición
    - Capacidade de argumentación e razoamento
  - Actitude, atención, participación, asistencia, regularidade, interese: 10%. Por defecto se les da a los alumnos la máxima cualificación de 10 puntos dos que se irán descontando o valor dos conceptos de actitude segundo o seguinte criterios:

• Amoestación escrita ou expulsión	• -10
• Amoestación verbal	• -5
• Negativo	• -2
• Positivo	• +2
• Falta inustificada	• -3
• Retraso	• -2

- No caso de non presentar os traballos de investigación ou o caderno de clase o alumno deberá realizar os exames de contidos mínimos establecidos no sistema extraordinario de avaliación.

## 8 HISTORIA DA FILOSOFÍA.

### 8.1 INTENCIONS.

A materia de Historia da Filosofía de 2º curso de Bacharelato complementa a función educativa da materia de Filosofía I. En termos xerais pode dicirse que neste nivel, a disciplina ten como obxectivo fundamental profundar na análise e comprensión das concepcións filosóficas e a súa relación cos procesos históricos concretos a través dos seus textos.

O tratamento didáctico da materia persegue o cumprimento de tres funcións básicas, recollidas no Deseño Curricular Base da materia:

- Función reconstrutiva, no sentido de vincular os problemas ligados ás preguntas e as solucións aportadas polos filósofos no pasado, para poder manter ese diálogo coa tradición no presente.
- Función historiográfica, que pretende arraigar a conciencia do noso ser histórico en contacto coas teorías filosóficas.
- Función artelladora e integradora da historia dos saberes, que permita relacionar a historia das ideas físicas, sociolóxicas, económicas, políticas e xurídicas, rompendo así os límites que seguen marcando as dúas culturas.
- Sobre estas bases retomásenos os problemas tratados no curso anterior, explicados no contexto dos autores da filosofía occidental a partir da lectura, comprensión e comentario dunha antoloxía de textos filosóficos significativos, que podemos denominar «canónicos», que presenten de forma coherente e relevante os problemas estudados.

### 8.2 METODOLOXIA.

O método de interpretación de textos filosóficos proposto, esixe unha consideración adicional sobre este procedemento dado que constitúe un dos maiores retos na docencia desta disciplina. Pois aprender mediante textos esixe ler con toda a profundidade de que se é capaz. Aprender na lectura implica entender esta como un diálogo e así llo facemos entender ós nosos estudantes de Filosofía II. Neste contexto docente o fundamental é ensinalles a ler, como a arte de comprender a opinión do outro, fórmula que aspira a participar no sentido compartido dunha herdanza que debe ser tamén compartida. Sen embargo, ler, e aprender a ler nunha sociedade na que os xoves, en termos xerais, non teñen consolidado o hábito da lectura, implica non poucas dificultades, sobre todo se temos en conta o carácter abstracto e, por o que non complexo, que a lectura de textos filosóficos representa.

Ante este reto, no curso anterior, iniciamos unha experiencia nova que tiña por obxecto, presentar e proporcionar aos estudantes, no horario lectivo, unha selección importante textos filosóficos e a posibilidade de acceder a outros recursos didácticos nun medio como Internet. Esta iniciativa permitiunos servirmos dun dispositivo tecnolóxico ao servizo da educación, no que unha cuestión previa é, sen dúbida, o cambio de enfoque no encontro co discurso. Tras cinco séculos de lectura lineal e moito anos de docencia utilizando libros de texto, chegounos o momento de enfrontarnos coa textualidade electrónica na procura de sentido.

Temos constatado na nosa experiencia e as opinións dos estudantes o corroboran que a dispoñibilidade en clases dun ordenador por estudante, en polo menos unha hora á semana, estimula o seu aprendizaxe, xa que lles permite maior autonomía e é utilizado como un soporte que combina mais e mellor os recursos docentes de que dispomos no Centro: bibliografía consultable en liña, hemeroteca accesible, apuntes, bibliotecas universais de textos, imaxes, recursos audiovisuais...

Tras esta experiencia que esperamos mellorar neste curso, nos preguntamos se actualmente debemos

considerar a disxuntiva de se o ordenador actúa como novo soporte de información, ou ben se a súa presenza modifica as condicións de produción, transmisión e recepción dos textos. Non podemos obviar que a revolución electrónica das últimas décadas, finalmente, e a creación dunha Rede comunicativa global aumentaron o radio de difusión da palabra escrita, e sentaron as condicións tecnolóxicas para que nos relacionemos coa cultura conservada nos textos de maneira radicalmente interactiva.

A interactividade é un dos conceptos que se ven afectados por este fenómeno do texto electrónico. En realidade, o propio DRAE di que interactividade é calidade de interactivo, e nunha segunda acepción, informa de que se di dun programa que é interactivo cando permite unha interacción, a modo de diálogo, entre o ordenador e o usuario. Se nos centramos neste concepto, entramos no espazo da influencia recíproca, que destacábamos ao comezo como un dos obxectivos chantes deste programa. Buscar na lectura un proceso de interioridade, no que a aproximación ao texto se realice desde as circunstancias propias da persoa que le, no que a interpretación sexa, pois, un diálogo.

Evidentemente sempre se parte que xa se sabe, ou se supón que se sabe, para poder chegar ao novo. Aí é, ao noso entender, onde cobra sentido a ollada histórica, a cal non busca sómente a adquisición de información se non, sobre todo, a comprensión dos distintos procesos aos que foi sometida dita información para se converter nunha explicación sobre o mundo. Sen esquecer que é preciso entender a pregunta á cal respondía o texto na súa orixe e reconstruír, a partir de aí, os distintos horizontes das preguntas formuladas nos momentos posteriores.

Este marcado carácter histórico non só permite recuperar o pasado, a memoria histórica, como se pretende na disciplina de Filosofía I, se non ser capaces de a pensar a partir da consideración básica de que toda obra filosófica responde a unha pregunta que non se resolve de todo na intención do autor e é preciso reformular continuamente.

En resumo, desexaríamos que o feito de facilitar aos estudantes estes recursos e contidos, sirvan de guía para que podan construír o coñecemento dunha maneira dialóxica. Se tomamos en consideración o concepto *ciber* desde a súa etimoloxía grega *kybernetes*, e o seu significado orixinal de “guía”, “piloto”, e sumámoslle a carga semántica derivada da ciencia ou disciplina cibernética, se cadra nos aproximemos a unha acción educativa en onde o profesor, axude a organizar a ollada do estudante, fundamentada no diálogo e na lectura.

No Gorgias platónico (380BC), no debate entre Sócrates e Calicis súxírese o termo que XXIII séculos despois habería de revolucionar as ciencias e o noso futuro profesional e persoal. Di Sócrates no diálogo: “Mais importante que a natación é a arte do piloto (*kybernetes*) xa que salva dos maiores perigos, non só ás almas se non tamén aos corpos e as fortunas do perigo, como a retórica”.

De algún modo Sócrates equipase a cibernética coa arte de persuadir e conmoer. E isto só pode facerse desde o diálogo, a argumentación e o criterio, tres dos piares da proposta formativa que proferimos e que concretamos nos seguintes obxectivos básicos.

### **8.3 OBXECTIVOS.**

1. Coñecer os períodos da historia da filosofía e os seus representantes fundamentais.
2. Recoñecer as cuestións que ocuparon permanentemente a filosofía ao longo da súa historia e relacionalas con temas traballados en filosofía e cidadanía, utilizando con propiedade os conceptos adquiridos.
3. Comprender a vinculación entre o pensamento dos distintos autores e outras manifestacións da actividade humana do seu contexto histórico: socioeconómicas, políticas, científicas e artísticas.
4. Elaborar exposicións orais e composicións escritas acerca de temas determinados con claridade, corrección, plenitude e autonomía, exercitando na medida do posible unha reflexión persoal.
5. Comentar textos filosóficos analizando con rigor os seus conceptos e teses e comparándoos coa

## HISTORIA DA FILOSOFÍA.

postura defendida noutros textos de diferente autoría acerca dos mesmos temas.

6. Desenvolver o hábito de ponderar con criterio opinións contrapostas a partir do contraste entre teorías e correntes filosóficas que se sucederon na historia.
7. Constatar a posición de cada representante dunha corrente filosófica sobre a diferenza de xénero e valorala á luz das crenzas e prácticas do seu contexto histórico.
8. Debater temas de actualidade en relación cos contidos da materia, fundamentando racionalmente a propia postura, recoñecendo as achegas doutras persoas e illando os prexuízos infundados.
9. Valorar o coñecemento do pasado como unha achega continua de elementos que contribúen á comprensión do presente e á planificación do porvir.
10. Apreciar a lectura como medio de enriquecemento persoal e desenvolver un hábito inquisitivo e analítico en relación coa información recibida na vida cotiá.
  - Tomar conciencia da necesidade da comprensión plena do outro (texto ou interlocutor) mediante o diálogo.
  - Desenvolver estratexias de recollida e selección de información relevante desde un punto de vista filosófico, de análise crítico como expresión discursiva, racional e razoábel do propio pensamento.
  - Recoñecer os problemas filosóficos e analízalos nos seus textos, buscar información sobre eles e establecer con ditos textos unha relación de interpretación, de contraste e de diálogo crítico.
  - Entender o significado e a transcendencia de problemas que han ocupado de maneira permanente á filosofía, así como a súa relevancia para a comprensión do mundo actual.
  - Situar as teorías filosóficas no seu marco histórico, social e cultural.
  - Descubrir a propia posición cultural e ideolóxica como herdanza dunha historia de pensamento.
  - Valorar o esforzo polo rigor intelectual na exposición dos problemas, así como a libre expresión das ideas.
  - Apreciar a capacidade da razón, especialmente na reflexión filosófica, para regular a acción humana individual e colectiva.

### **8.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

1. Ordenar e situar cronoloxicamente os períodos, problemas, autoras e autores que se estudan, identificando as súas características distintivas e establecendo as relacións correspondentes.

Con este criterio pretende avaliarse a capacidade do alumnado para situar historicamente os temas estudados, diferenciando de modo significativo cada período e constatando a influencia duns noutros para ter unha visión completa e unitaria da historia da filosofía e poder desenvolverse axilmente nas problemáticas que a percorren.

2. Relacionar os problemas filosóficos estudados coas principais condicións socioculturais en que aparecen e a que pretenderon dar resposta.

Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para situar as cuestións filosóficas estudadas no seu marco histórico distinguindo o saber filosófico doutras manifestacións culturais que aparecen no mesmo contexto e analizando a relación existente entre as formulacións filosóficas e os problemas e necesidades da sociedade do seu tempo.

3. Expoñer por escrito os aspectos dunha teoría filosófica individual, dunha escola ou período de

forma completa, clara e coherente.

Este criterio pretende comprobar o grao de comprensión, de modo significativo, do pensamento dun autor ou período da historia da filosofía, e a capacidade de articular os seus conceptos de forma argumentada, unitaria e non fragmentaria.

4. Analizar textos filosóficos identificando a súa estrutura, teses e argumentos e mais explicando os seus conceptos no marco do pensamento correspondente.

Este criterio trata de avaliar a capacidade de comprensión dos textos filosóficos mediante a identificación do problema que abordan, a explicitación das súas ideas, a explicación dos conceptos e termos específicos utilizados e os argumentos que se empregan para demostrar e xustificar as súas teses.

5. Comentar criticamente textos filosóficos, identificando os seus supostos implícitos, a consistencia dos seus argumentos e a vixencia das súas achegas na actualidade.

Máis alá da comprensión precisa dun texto, este criterio trata de valorar o desenvolvemento do espírito crítico do alumnado, amosado na capacidade de desvelar os supostos e intereses subxacentes aos textos, comparalos con outros argumentos posibles —nomeadamente con outros de diferente autoría— e manifestar de forma razoada o seu acordo ou desacordo coas opinións do autor, especialmente no referido a aquelas conceptualizacións de carácter excluínte e discriminatorio, en especial ao androcentrismo.

6. Elaborar pequenos traballos (buscas de información, recensións de lecturas, exposicións orais ou composicións escritas) sobre algún autor ou autora ou algún aspecto transversal a varios autores ou autoras con pautas metodolóxicas establecidas.

Trátase con este criterio de avaliar a capacidade de esforzo do alumnado, así como o seu progreso na autoorganización da aprendizaxe, formulando pequenas metas de investigación e percorrendo o camiño para acadalas seguindo pautas establecidas de antemán. Tamén se avalía con este criterio a capacidade de integrar información diversa nunha síntese reflexiva.

7. Participar en debates sobre algún tema filosófico de actualidade relacionado con contidos da materia, realizando escoita activa e exposición razoada e respectuosa.

Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado para asimilar os contidos da materia e relacionalos con problemas de actualidade, de expoñer a súa opinión razoadamente e respectar outras opinións facendo as eventuais críticas a estas de modo fundamentado.

8. Utilizar comprensivamente un vocabulario técnico específico en todas as actividades realizadas.

Con este criterio búscase avaliar o grao de incorporación significativa do vocabulario filosófico introducido en cada período, autoras e autores, e comprobar o nivel de pertinencia, exactitude e rigor no seu uso, tanto oral coma escrito.

9. Participar na aula virtual colaborando na elaboración de contidos e entregando as tarefas nos prazos sinalados

## **8.5 PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

Consistirá nun cuestionario inicial, imaxe, audiovisual ou texto no que a partir de un conxunto de preguntas se pretende ir introducindo o alumnado no tema a tratar. O que buscamos e máis a implicación do alumnado que a avaliación de contidos. Tratarase, na maior parte dos casos, de interrogantes que pretenden facelos reflexionar acerca das súas propias ideas, actitudes e comportamentos, de forma que nos permita coñecer de onde partimos e iniciar unha máis ampla reflexión filosófica.

## 8.6 CONTIDOS

### 1. NÚCLEO TEMÁTICO I: A FILOSOFÍA ANTIGA

#### 1.1. OS COMEZOS DA FILOSOFÍA: SÓCRATES E PLATÓN

- a) Aparición e desenvolvemento da filosofía grega
- b) Sócrates, mestre de Platón
- c) Vida e obra de Platón
- d) A teoría da realidade
- e) A teoría do coñecemento
- f) A antropoloxía
- g) A ética e a política

#### 1.2. A FILOSOFÍA ARISTOTÉLICA

- a) Contexto socio-histórico do pensamento de Aristóteles
- b) Un novo enfoque filosófico fronte o platonismo
- c) A teoría da natureza: o hilomorfismo e explicación do cambio
- d) A antropoloxía aristotélica
- e) A ética: a virtude e a felicidade
- f) A política: orixe da sociedade e formas de goberno
- g) As escolas helenísticas

### 2. NÚCLEO TEMÁTICO II: A FILOSOFÍA MEDIEVAL E RENACENTISTA

#### 2.1. A FILOSOFÍA MEDIEVAL E RENACENTISTA

- a) Contextualización do pensamento medieval e renacentista
- b) O pensamento de Agostiño de Hipona
- c) O pensamento de Tomé de Aquino:
- d) O aristotelismo en Tomé de Aquino
- e) A teoría do coñecemento: abstracción e realismo moderado.
- f) O problema de razón e fe
- g) A demostración da existencia de Deus: as cinco vías e a súa estrutura
- h) A lei: lei eterna, lei natural e lei positiva
- i) O pensamento renacentista

### 3. NÚCLEO TEMÁTICO III: A FILOSOFÍA MODERNA

#### 3.1. A FILOSOFÍA MODERNA: O RACIONALISMO

- a) Contextualización da filosofía moderna e racionalismo
- b) Contexto do pensamento de Descartes
- c) O problema do método e o proxecto cartesiano

- d) A dúbida metódica e a primeira verdade: o cogito
- e) A existencia de Deus e a veracidade divina
- f) A teoría da substancia: substancia pensante e extensa
- g) Antropoloxía e moral cartesiana
- h) O tema da substancia nos outros pensadores racionalistas
- i) A ética e a política nos outros pensadores racionalistas

3.2. O EMPIRISMO

- a) Contexto socio-histórico do empirismo inglés
- b) O empirismo fronte ao racionalismo
- c) O pensamento de John Locke:
- d) O coñecemento das ideas: orixe, tipos e límites; o problema da substancia
- e) O coñecemento do eu, de Deus e das cousas externas
- f) Locke e a teoría do contrato social. O liberalismo político
- g) O pensamento de David Hume:
- h) Os elementos do coñecemento e o fenomenismo
- i) A crítica da causa en Hume
- j) A negación da metafísica: crítica da idea de substancia (cousas, eu, Deus)
- k) O emotivismo moral

3.3. A FILOSOFÍA ILUSTRADA: KANT

- a) Contexto do pensamento ilustrado
- b) O idealismo transcendental de Kant
- c) A crítica da razón como síntese de racionalismo e empirismo
- d) A sensibilidade: espazo-tempo
- e) O entendemento: as categorías
- f) A razón: a metafísica
- g) O formalismo moral

4. NÚCLEO TEMÁTICO IV: A FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA

4.1. A CRÍTICA DO CAPITALISMO: MARX

- a) Contexto socio-histórico do pensamento de Marx
- b) A crítica ao idealismo e materialismo anterior: o concepto de alienación
- c) O materialismo histórico
- d) A crítica da economía política capitalista

4.2. NIETZSCHE OU A CRISE DA RAZÓN ILUSTRADA

- a) Contexto socio-histórico, vida e obra do autor
- b) A crítica dos valores da cultura occidental

## HISTORIA DA FILOSOFÍA.

- c) O nihilismo e a vontade de poder
  - d) Na procura da edificación do reino do home
  - e) Valoración e repercusións do pensamento de Nietzsche
- 4.3. AS CORRENTES FILOSÓFICAS DO SÉCULO XX
- a) Contextualización das correntes filosóficas do século XX
  - b) O arranque da filosofía do século XX: o problema do fundamento das ciencias
  - c) A segunda resposta á crise: o neoempirismo
  - d) A filosofía despois da II Guerra Mundial
- 4.4. FILOSOFÍA ESPAÑOLA E FILOSOFÍA GALEGA NO SÉCULO XX
- a) Contextualización
  - b) A xeración do 98: Unamuno
  - c) O modernismo na filosofía española
  - d) A escola de Madrid: Ortega y Gasset
  - e) A filosofía española na posguerra: Zubiri, Zambrano
  - f) As últimas correntes na filosofía española
  - g) A filosofía galega no século XX



## 8.7 CONTIDOS MÍNIMOS

Dada a extensión do programa de Historia da Filosofía e a brevidade do curso académico, tentaremos axustar o mínimos esixibles da materia, a aqueles contidos que esixe a proba de acceso á Universidade na Comunidade de Galicia. Estes contidos mínimo serán a referencia para os diferentes exames, ordinarios e extraordinarios, aínda que o conxunto do traballo do curso se referirá á totalidade dos contidos da materia.

### 1. FILOSOFÍA ANTIGA

#### 1.1. UNIDADE 1: OS COMEZOS DA FILOSOFÍA: SÓCRATES E PLATÓN

- a) A formación da polis grega.
- b) Antecedentes presocráticos: Heráclito, Parménides e Anaxágoras.
- c) Os sofistas e Sócrates.
- d) A teoría platónica das ideas:
- e) Mundo sensible e mundo intelixible.
- f) Graos de coñecemento.
- g) La concepción política de Platón:
- h) Antropoloxía platónica
- i) Vinculación da alma á cidade.

#### 1.2. UNIDADE 2: A FILOSOFÍA ARISTOTÉLICA

- a) Crítica da doutrina platónica.
- b) O proceso de abstracción fronte ao acceso dialéctico ás ideas de corte platónico.
- c) O tránsito cara ao mundo helenístico.
- d) A teoría *hylomórfica* no seo da *physis*:
- e) A *kínesis* ou cambio. Os principios do cambio.
- f) A teoría causal.
- g) Xerarquía de seres e modos de ser.
- h) O motor inmóbil.
- i) A idea de cidadán en Aristóteles:
- j) A ética aristotélica: *ethos* e *praxe*, o concepto de *areté*.
- k) A idea de polis e a condición de cidadán.

### 2. UNIDADE 3: A FILOSOFÍA MEDIEVAL E RENACENTISTA

#### 2.1. Agostiño de Hipona:

- a) Helenismo: Filosofía e cristianismo.
- b) As novas ideas fronte ao mundo grego.

#### 2.2. Tomé de Aquino:

- a) A noción de Escolástica e o nacemento da Universidade.
- b) A recepción de Aristóteles. Averroes e o averroísmo latino.

## HISTORIA DA FILOSOFÍA.

- c) O problema entre razón e fe en Santo Agostiño e en San Tomé.
  - d) Lei divina, lei natural e lei positiva en San Tomé.
3. UNIDADE 4: A FILOSOFÍA MODERNA:
- 3.1. **O RACIONALISMO**
    - a) Renacemento e Reforma.
    - b) A vinculación do empirismo e o racionalismo ca revolución científica.
    - c) O problema do método: a idea de substancia en Descartes e o problema da veracidade divina.
  - 3.2. **O EMPIRISMO**
    - a) Fenomenalismo e causalidade en Hume.
    - b) A idea de “estado de natureza” como fundamento ideolóxico do novo estado burgués: a teoría do contrato social en Locke.
  - 3.3. **A FILOSOFÍA ILUSTRADA: KANT**
    - a) Factores políticos, sociais e culturais que no século XVIII conducen á Ilustración.
    - b) As novas ideas: progreso, educación ou iluminación, humanidade, civilización, natureza.
    - c) Características da razón ilustrada.
    - d) A idea kantiana de Ilustración.
    - e) A síntese entre racionalismo e empirismo en Kant.
    - f) O formalismo moral.
4. FILOSOFÍA CONTEMPORÁ
- 4.1. **A CRÍTICA DO CAPITALISMO: MARX**
    - a) As influencias do socialismo utópico, da esquerda hegeliana e da Economía política.
    - b) Revolución industrial e movemento obreiro.
    - c) O nacemento das ciencias sociais.
    - d) O concepto de alienación.
    - e) A análise da mercancía e o concepto de plusvalía.
    - f) O materialismo histórico.
  - 4.2. **NIETZSCHE OU A CRISE DA RAZÓN ILUSTRADA**
    - a) Un novo marco científico: evolucionismo e positivismo.
    - b) A herdanza da Ilustración.
    - c) O método xenealóxico.
    - d) Crítica da cultura occidental: O nihilismo.
    - e) A vontade de poder e o Superhome

## **8.8 DISTRIBUCIÓN TEMPORAL:**

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

- Filosofía antiga e medieval

SEGUNDA AVALIACIÓN:

- Filosofía renacentista e moderna.

TERCERA AVALIACIÓN

- Filosofía contemporánea.

## 8.9 BIBLIOGRAFÍA

### MANUAIS RECOMENDADOS:

- I. Historia da filosofía, Bacharelato. Varios autores. Rodeira. 2009
- II. *Historia da filosofía para a selectividade*. Arbaizar Gil, Benito. Editorial Toxosoutos, S.L.
- III. *A composición filosófica, probas de selectividade*. Alonso Rodríguez, Ana María. Edicións Xerais de Galicia, S.A.

### LIBROS DE CONSULTA:

- I. COPLESTON, FREDERICK, *Historia de la filosofía*. Ariel.
- II. MORA, FERRATER; *Diccionario de filosofía*. Alianza.
- III. KUNZMAN, PETER; *Atlas de filosofía*. Alianza.

## 8.10 SISTEMA DE PUNTUACIÓN:

1. Probas escritas: (70%)

Haberá tres probas escritas, unha por cada avaliación, Ademais haberá unha proba final sobre os contidos mínimos de todo o curso a que deberá presentarse o alumnado que non teña superado a lo menos dúas avaliacións. As probas escritas seguirán o modelo proposto polo grupo de traballo de Filosofía da Comisión Interuniversitaria de Galicia.

A cualificación máxima de 10 puntos distribuirase así:

PRIMER APARTADO	2,5 puntos distribuídos consonte aos seguintes criterios e proporcións:
Contextualización xeral	1,25 puntos
Cuestión específica de contextualización	1,25 puntos

- Trátase de avaliar a comprensión época do/da alumno/a. (Isto non inclúe a mera mención de anécdotas).
- O punto (1) de nota máxima atribuído á “contextualización xeral” avalía os coñecementos que o alumno amose sobre a época na que se sitúa o autor, tendo primordialmente en conta a relevancia filosófica dos trazos que se mencionen.

SEGUNDO APARTADO	6 puntos
------------------	----------

Trátase de avaliar os coñecementos sobre o autor centrándose na cuestión temática formulada e, en relación con esta, a comprensión do texto.

TERCER APARTADO	1,5 puntos distribuídos consonte aos seguintes criterios e proporcións:
Cuestión transversal	1,5 puntos
Comentario persoal	[0,5] puntos

Trátase de avaliar a capacidade do/da alumno/a para situar a cuestión temática no horizonte global da historia da filosofía.

Hai que contar coa posibilidade de que un/unha alumno/a poida introducir algún atinado comentario

## HISTORIA DA FILOSOFÍA.

persoal que poña en evidencia a súa comprensión. Os comentarios persoais que a/a alumno/a poida eventualmente facer se son pertinentes e atinados poden ser avaliados ata 0,5 puntos. Isto é: no hipotético –ben que improbable– caso dun/dunha alumno/a que non sendo capaz de establecer unha relación nos termos nos que se lle require, introduce comentarios pertinentes e atinados outorgaríasele 0,5 puntos.

Todas estas cualificacións presupoñen que estamos diante dunha composición unitaria, sintáctica e retoricamente ben estruturada, escrita con pulcritude, respectando escrupulosamente a normativa ortográfica que corresponda, usando o léxico adecuado e poñendo en evidencia unha boa comprensión dos conceptos concernidos.

- Os defectos en todos estes aspectos poden ser penalizados con ata 3 puntos:
- Defectos na composición: perda de ata 1 punto
- Corrección ortográfica e/ou gramatical: perda de ata 1 punto
- Pobreza léxica e insuficiencia no manexo dos conceptos: perda de ata 1 punto

Entre os “defectos de composición” débese penalizar o recurso abusivo a esquemas e cadros que claramente pretendan substituír a exposición verbal, respectando, claro está, aqueles esquemas ou cadros que, sen eludir a redacción, estean oportunamente introducidos como complementos da mesma.

O carácter unitario da exposición non se desprende da mera ausencia de compartimentación, senón que se refire á efectiva estruturación unitaria. En todo caso a mera fragmentación do exame deberá ser penalizada cun mínimo de 0,5 puntos.

No tocante á corrección ortográfica e gramatical debemos ser tolerantes cos erros eventuais achacables ás circunstancias propias dun exame. Tamén podemos interpretar con laxitude erros particulares e reiterativos (correccións ortográficas limitadas en tal ou cal vocablo, construción defectuosa de tal ou cal estrutura gramatical). Temos, iso si, que prestar atención ao teor xeral do exercicio, sobre todo á combinación de reiteración e diversidade nas correccións ortográficas, revelando grave descoñecemento e/ou desidia, así como a incapacidade para manter un nivel xeral de corrección gramatical. Penalizarase con contundencia aqueles exames nos que predomine o anacoluto.

No que atinxe ao uso do léxico e máis á comprensión conceptual debemos de ser rigorosos con aqueles termos e conceptos que resulten esenciais para a comprensión do texto e das cuestións formuladas, así como para a correcta elaboración das respostas. Debemos penalizar os defectos expresivos que denoten carencias discursivas graves dentro do nivel esixible para unha persoa que aspire a acceder á universidade (que é do que se trata).

2. Tarefas propostas e exames na aula virtual do centro: 20%.
3. O alumnado deberá realizar os traballos e exames que se convoquen a través da aula virtual nos intervalos de datas en que estean operativos. Deberanse realizar todas as actividades propostas.
4. É condición necesaria aínda que non suficiente elaborar estes traballos e participar na aula virtual para superar as diferentes avaliacións
5. O alumnado deberá ler a documentación do tema antes da clase correspondente.
6. Actitude, atención, participación, asistencia, regularidade, interese: 10%. Por defecto se les da a los alumnos la máxima cualificación de 10 puntos dos que se irán descontando o valor dos conceptos de actitude segundo o seguinte criterios:

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

---

• Amoestación escrita ou expulsión	• -10
• Amoestación verbal	• -5
• Negativo	• -2
• Positivo	• +2
• Falta inxustificada	• -3
• Retraso	• -2

- No caso de non presentar os traballos de investigación ou o caderno de clase o alumno deberá realizar os exames de contidos mínimos establecidos no sistema extraordinario de avaliación.
- Na cualificación das probas escritas ou traballos valoraranse positivamente os seguintes aspectos.
  - Adecuación pregunta-resposta
  - Corrección formal e ortográfica: as faltas de ortografía ou gramaticais descontarán 0,1 puntos ata un máximo de un punto.
  - Capacidade de síntese
  - Capacidade de definición
  - Capacidade de argumentación e razoamento

### **8.11 ESTRUCTURA DA PROBA DA SELECTIVIDADE E DO EXAME FINAL**

OPCIÓN	A	B
I	<ul style="list-style-type: none"><li>• Platón</li><li>• Aristóteles</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Agostiño, Tomé</li><li>• Descartes, Locke, Hume</li><li>• Kant</li><li>• Marx</li><li>• Nietzsche</li></ul>
II	<ul style="list-style-type: none"><li>• Descartes, Locke, Hume</li><li>• Kant</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Platón</li><li>• Aristóteles</li><li>• Agostiño, Tomé</li><li>• Marx</li><li>• Nietzsche</li></ul>

## **9 SISTEMA EXTRAORDINARIO DE AVALIACIÓN.**

En tódalas materias impartidas os alumnos que polo número de faltas de asistencia as clases non poidan ser avaliados seguindo os criterios expostos de avaliación continua terán que facer unha proba das mesmas características que a de suficiencia; téndose en conta, no caso das faltas xustificadas, toda a anterior evolución do alumno.

## **10 AVALIACIÓN DE PENDENTES.**

O alumnado con materias pendentes poderán seguir o sistema ordinario de avaliación continua: caderno de clase cas actividades programadas, controles de lectura, exames de avaliación se así o desexan; en caso contrario quedarán suxeitos o sistema extraordinario de avaliación.

## **11 ALUMNADO REPETIDOR.**

O alumnado repetidor seguirá a programación e o sistema de avaliación que corresponda o alumnado ordinario.

## **12 PROXECTO LECTOR.**

Nas disciplinas filosóficas é imprescindible o traballo con textos filosóficos adecuados a cada nivel; a lectura destes textos e o reto de tratar de entendelaos é básico e de obrigado cumprimento para tódolos alumnos. Tamén nos interesa que os alumnos desenvolvan a súa capacidade argumentadora redactando coidadas disertacións que logo serán expostas publicamente. Xunto con todo o anterior buscamos tamén desenvolver a capacidade de expresión e argumentación oral a través de diálogos filosóficos e debates na aula. Para elo utilizaremos ademais dos textos clásicos dalgúns filósofos a lectura de obras literarias modernas de ficción a través das que analizaremos algúns dos problemas e conceptos filosóficos mais relevantes. Isto debería permitirnos acadar dous obxectivos importantes: mellorar a comprensión lectora e a expresividade oral, acercándonos ó mesmo tempo dunha forma amena ós problemas filosóficos mais relevantes.

## **13 PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN.**

Fomentaremos a o uso dos medios informáticos de que dispoñemos a fin de mellorar o proceso de ensino aprendizaxe. Para elo utilizaremos fundamentalmente a aula virtual, ou traballos de investigación dirixidos co fin de estimular o alumnado na busca e interese polo coñecemento, dándolles pautas que lles permitan seleccionar adecuadamente a información pertinente. Ademais procuraremos fomentar as actitudes democráticas promovendo a participación do alumnado en foros, chats ou redes sociais. Tamén intentaremos favorecer a potencialidade creativa do alumnado elaborando algún blog no que poidan expoñer as súas opinións, aceptando as críticas que reciban por elas.

## **14 AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

Iremos avaliando a idoneidade da Programación Didáctica conforme aos seguintes criterios:

1. En relación coa programación.
  - a) Contempla os obxectivos xerais da área, os contidos, os criterios de avaliación.

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA

---

- b) Son coherentes en canto a cantidade e contido os obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
  - c) Inclúe temas transversais.
  - d) Secuencia os contidos ao longo da etapa.
  - e) Define os criterios metodolóxicos.
  - f) Define os procedementos de avaliación e os criterios de cualificación.
  - g) Contempla medidas ordinarias de atención á diversidade.
  - h) A programación é coherente co proxecto curricular.
  - i) A programación é independente dunha opción editorial.
  - j) Contempla a realización de saídas e visitas á contorna, en relación cos obxectivos propostos.
  - k) A programación toma en consideración a utilización das TDIC.
2. En relación cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
- a) Os obxectivos xerais da área fan referencia aos obxectivos xerais da etapa.
  - b) Están contextualizados en relación co nivel de desenvolvemento e de competencia do alumnado.
  - c) Contempla obxectivos e contidos de feitos, procedementos e actitudes.
  - d) Os contidos están organizados e categorizados en función de bloques temáticos.
  - e) As unidades de traballo desenvólvense en espazos de tempo amplos.
  - f) A secuenciación dos contidos facilita o recordo e o repaso.
  - g) Establece uns mínimos de suficiencia nos criterios de avaliación.
  - h) As actividades desenvolven suficientemente os diferentes tipos de contido.
  - i) As actividades favorecen o desenvolvemento de distintos estilos de aprendizaxe.
  - j) As actividades favorecen o desenvolvemento da creatividade.
  - k) As actividades deseñadas toman en consideración os intereses dos alumnos e resultan motivadoras.
3. En relación coa metodoloxía.
- a) O alumnado participa na formulación dos obxectivos, na identificación dos contidos, na selección das actividades?
  - b) O profesorado habitualmente introduce o tema.
  - c) O profesorado orienta individualmente o traballo dos alumnos.
  - d) O alumnado segue a secuencia de actividades dun texto escolar.
  - e) Utilízanse outros textos de apoio.
  - f) Utilízanse materiais de elaboración propia.
  - g) Parte das actividades realízanse en grupo.
  - h) Aténdese á diversidade dentro do grupo.
  - i) A distribución da clase facilita o traballo autónomo.
  - j) A distribución da clase modifícase coas actividades.

## AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

- k) O tempo da sesión distribúese de maneira flexible.
  - l) Úsanse outros espazos.
  - m) Utilízanse unidades de tempo amplas e flexibles.
  - n) O traballo da aula harmonizar co traballo de casa.
  - o) A actuación docente na aula se guía por un enfoque globalizador ou interdisciplinar.
  - p) A actuación docente tenta aproveitar ao máximo os recursos do Centro e as oportunidades que ofrece a contorna.
4. A avaliación
- a) Valórase o traballo que desenvolve o alumno na aula.
  - b) Valórase o que desenvolve en casa.
  - c) Avalíanse os coñecementos previos .
  - d) Avaliase o proceso de aprendizaxe de maneira directa e a través dos cadernos (materiais) de traballo do alumnado.
  - e) Avalíanse os resultados.
  - f) Vai dirixida aos diferentes tipos de contido.
  - g) As probas contemplan diferentes niveis de dificultade.
  - h) O procedemento de corrección facilita a identificación inmediata dos erros.
  - i) Prográmanse actividades para ampliar e reforzar.
  - j) Participa o alumnado na súa avaliación
  - k) Coñece o alumnado e as súas familias os criterios de avaliación e de cualificación.
  - l) Analízanse os resultados co grupo de alumnos.
  - m) As sesións de avaliación son suficientes e eficaces.
  - n) Avaliase periodicamente a programación.
  - o) Participa o alumnado nesa avaliación.
  - p) Avaliase a propia practica.
  - q) A avaliación é continua.
  - r) Os resultados das probas de avaliación confirman as conclusións da avaliación continua.
  - s) Os resultados das probas de avaliación estandarizada? confirman as conclusións das probas de avaliación.
  - t) O Centro elabora documentos de avaliación que resultan adecuados.



## **15 PROGRAMA DE ACTIVIDADES**

### **15.1 CINE NA AULA.**

Consideramos que a síntese entre cine e filosofía é un método de ensino-aprendizaxe que pode ser moi útil. O método fundase na idea de que a construción de sentido para o ser humano ten a estrutura dunha historia: presentación, nó e desenlace. Facemos noso o principio que di que a estrutura mesma da existencia humana é narrativa e dramática. O cine conta historias, por iso servímonos do cine como elemento motivador, dado que fronte á súa experiencia do libro de texto como algo abstracto e aburrido, a narración dunha problemática en imaxes ofrece unha maior liberdade para acordar a imaxinación e a curiosidade. Seguiremos o seguinte procedemento:

- Presentación do filme. O obxectivo da introdución é situar o filme no contexto filosófico pertinente.
- Visionado dos filmes. Recoméndase que os alumnos vexan por grupos e pola súa conta un filme cada trimestre.
- Resume do filme co obxecto de “meter” aos alumnos na narración. Esta tarefa pódese encargar a algúns dos alumnos ós que se lles encomendou a tarefa de ver o filme.
- Proxección de escenas. Acabada a narración, comézase coa proxección das secuencias.
- Recapitulación. Unha vez vistas e comentadas todas as secuencias, acábase recapitulando a historia e extraendo conclusións.

### **15.2 CONMEMORACIÓNS**

Prepararanse cartafóis conmemorativos para celebrar as seguintes datas

- 25 de novembro de 2013: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 1 ao 11 de decembro de 2013: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 10 de decembro de 2013: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro de 2014: Día da Paz.
- 8 de marzo de 2014: Día Internacional da Muller Traballadora.
- 15 de marzo de 2014: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 10 ao 14 de marzo de 2014: Semana da Prensa. Un día desta semana traballárase na aula con xornais.
- Entre o 11 e o 30 de abril de 2014: Día do libro.
- 7 de abril de 2014: Día Mundial da Saúde.
- 9 de maio de 2014: Día de Europa.
- Do 8 ao 17 de maio de 2014: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2014: Día Mundial do Ambiente.

### **15.3 TRABALLO DE INVESTIGACIÓN: ÉTICA DA MEMORIA**

En filosofía vémonos obrigados a interrogarnos unha e outra vez sobre a nosa natureza, a interpretar a vida humana individual e colectiva como un proceso continuo no que a temporalidade dota de sentido á existencia. É así que a preocupación pola análise desa temporalidade, que se manifesta nunha memoria

## PROGRAMA DE ACTIVIDADES

temporal e colectiva, constitúe o eixo deste traballo a desenvolver polos alumnos/as na segunda avaliación. Os obxectivos son:

- Utilizar a memoria biográfica como fonte de aprendizaxe e creación, unha memoria non só persoal se non tamén colectiva. Para iso procedemos a analizar, a través da historia familiar ou local o papel que os trocos e transformacións sociais de carácter cultural, político, técnico, económico, moral, tiveron no transformación das condicións de vida e na valoración que significa vivir e vivir ben. Vivir ben ten que ter que ver cos outros, e isto debemos lembra-lo nun momento no que a educación ficou máis nunha transmisión de capacidades técnicas e de coñecementos que en formar cidadáns responsables, solidarios e capaces.
- Devolver ós xoves a linguaxe da narración. O acceso a un mundo no que un principio se senten estraños, porque hai unha discontinuidade cultural propiciada por un “esquecemento colectivo” do que foi o noso pasado. Un mundo que deixa de ser indiferente cando se introducen en el, a través da narración da experiencia do outro, e na que descubren o significado da memoria que nos fala do tempo dos homes.
- Iniciar ós alumnos/as no coñecemento dos distintos métodos científicos, levando a praxe un dos métodos cualitativos mais utilizados na investigación social: a entrevista.
- Obter información relevante e significativa das persoas maiores que integran as redes de parentesco do entrevistador/a. Así, dunha maneira sistemática e global, dita información pode pasar a formar parte dun arquivo de memoria nunha sección titulada *Ética dá memoria* dentro da páxina web do Centro. Ademais, o soporte informático desta investigación permite recompilar todos os relatos, nun volume único que pode ser publicado, pasando a formar parte da Biblioteca de aula e do Centro, constituíndo así, un material de consulta e de traballo de primeira orde.
- Que os xoves entendan mellor o contexto cultural e social no que están inmersos e foron socializados, fundamentalmente no seu entorno familiar; proporcionándolles así, unha comprensión crítica da súa propia identidade. deste modo, dita identidade poderá construírse conscientemente, converténdose nun vehículo adecuado de comunicación e participación nunha realidade común con outras identidades, nunha sociedade democrática de valores compartidos.

### **15.4 EL PAÍS DE LOS ESTUDIANTES**

#### **15.5 PLAN PROXECTA**

- Por 365 días de respecto e igualdade.
- Consumópolis.
- Parlamento Xove

#### **15.6 SAÍDAS FORA DO CENTRO**

- Visita guiada ó Parlamento de Galicia